



Festas "libres de violencias machistas"

O concurso está dirixido a mozos de entre 12 e 35 anos

Páxina 6



Aumentan os turistas europeos

Ourense recibiu máis de 24.000 visitantes no mes de xuño

Páxina 19

III Festival de Música Rogelio Groba

Coa colaboración da Consellería de Cultura, e co Concello de Ponteareas

Páxina 34



Carmena e Ferreiro apostan por valerse da FEMP para potenciar as políticas municipalistas



■ Carmena e Ferreiro



A alcaldesa de O Porriño chámase EVA GARCÍA DE LA TORRE, Na edición anterior cambiámoslle o nome. Pedimos desculpas, á Sra. alcaldesa e aos nosos lectores"



**BACHATA
KIZOMBA
PILATES
YOGA
HIPOPRESIVOS
BODYTONO
ZUMBA
FISIOTERAPIA
NUTRICIÓN
CUMPLEAÑOS
NIÑOS...**

**TU NUEVO
CENTRO DE ACTIVIDADES**



PONTEOCIO

TROVADOR XOAN GARCÍA DE GUILLADE
(Antiguo Carballido Sport) PONTEAREAS
☎ 695 511 500 www.ponteocio.es

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.



Reformarmos a Constitución

A Galicia e a España do 1978 non son as mesmas ca as do 2015. A evolución social, tecnolóxica e económica, mais sobre todo a superación das circunstancias da transición (as resistencias dun franquismo sociolóxico que aínda dominaba naquel ano os resortes burocráticos e militares do Estado) xustifican unha modificación real das regras do xogo, deturpadas hoxendía, tamén, pola ocupación das estruturas de poder polas elites do bipartidismo dinástico PP-PSOE.

No nivel estatal é urxente a independencia real do Poder Xudicial, anulada pola política de provisión de prazas que rexe na Audiencia Nacional e nos Tribunais Supremo, de Contas e Constitucional. E pola axenda temporal destes Tribunais. Tamén son urxentes marcos regulatorios que garantan a transparencia e a participación cidadá e a efectividade dos dereitos sociais á saúde, á vivenda e ao ambiente, entre moitos outros que a Constitución vixente enunciou como obxectivos sociais, mais-que nunca garantiu.

Pero, se falamos de Galicia, resulta evidente que o sistema estatutario deseñado no 1978 crebrou, á vista do continuo proceso de recentralización que non respectou a distribución do Poder que se

deseñou naqueles anos do 1978 ao 1981. Galicia hoxe non pode decidir o seu sistema educativo, o seu financiamento nin as políticas sociais e económicas que poden resolver os seus problemas. O nivel real do autogoberno carece da virtualidade precisa para xestionar as nosas infraestruturas viarias, portuarias e aeroportuarias e tamén para deseñar os instrumentos que muden a nosa demografía, ordenen o noso territorio e administración e lle dean pulo ás nosas empresas.

A Constitución vixente diseña un sistema de reforma agravado que non tería porque ser preciso para a implantación dun Estado verdadeiramente descentralizado. É dicir, un Estado en rede, que recoñeza a plurinacionalidade e o carácter plurilingüístico e pluricultural do que chamamos España. Que substitúa ese cerebro que todo o pensa e todo o entende (sempre vencellado ás elites beneficiarias do capitalismo castizo do BOE) por unha descentralización real na regulación social, económica e política.

O avance social e cidadán na España vai vinculado intimamente ao avance do recoñecemento xurídico-político da plurinacionalidade. E xa non se pode mirar cara outro lado.



Collen uns e outras

Semella que gañou moito apoio social a proposta dunha candidatura cidadá e unitaria galega ás vindeiras eleccións xerais. Unha Maré galega, que integre aos partidos, mais dende o predominio cidadán e social, dende esquemas que posibiliten a adscrición persoal de todos os cidadáns. É dicir, ao xeito no que xurdiu e tomou corpo a Marea Atlántica coruñesa.

Esta candidatura cidadá podería integrar todo o espectro político e social agás aos partidos do bipartidismo dinástico que crearon a grave crise institucional que sofrimos e a Ciudadanos (C's), por desbotar toda colaboración co galeguismo político. Porque excluír uns ou outras do ámbito do acordo limitaría substancialmente as posibilidades de suceso electoral sen gañar nunha meirande forza ou coherencia internas.

Dous son os problemas fundamentais que penduran sobre esta Maré galega: a falla de flexibilidade de determinados elementos do BNG para integrar persoas e sectores alleos ao ámbito do galeguismo e a decisión de Podemos de se presentar en Galicia só ou en coalición ao xeito de PODEMOS máis X, no canto de diluír as súas siglas na eventual Maré, como de feito

están dispostos a facer o resto dos partidos. E os dous problemas son solúbeis, con intelixencia e xenerosidade.

A candidatura galega habería ter o seu centro de decisión en Galicia e os seus órganos e grupo parlamentario ser totalmente independentes de calquera outra estrutura política ou partidaria. Mais habería integrar ás persoas alleas ao galeguismo político que asuman Galicia como referente de decisión. Canto á integración de Podemos precisa dunha reflexión dende este partido, no que xogarían un papel fulcral os cadros galegos que viviron o éxito da Marea Atlántica ou de Compostela

Aberta e coñecen os riscos da desunión e, pola contra, o agasallo que sempre obtén a unidade en política. Mais para que os partidos poidan adoptar as súas decisións, de xeito que uns e outras collan na futura Maré, compre tamén dotar ésta dun "corpus" doutrinal e programático(a plataforma Somos Nós ven de presentar unha primeira achega) e, sobre todo, dun pulo social, que xurda dende a cidadanía e, quizais, dende o Poder local de moitos concellos grandes, medianos e pequenos. Pulo social que comeza ser urxente, pois que perder máis tempo sería perigoso.



O Pazo de Meirás non ten por qué abrir en agosto ao público.

O Pazo de Meirás ten que ser devolto para sempre ao patrimonio público.

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica (CRMH) da Coruña rexeita a permisividade da Xunta de Galiza coa familia Franco, ao permitir-lles que sigan veraneando no pazo de Meirás, que foi roubado ao pobo mediante "impuestos revolucionarios", que consistían no desconto nas nóminas de centos de traballador@s públicos para así pagar a compra e o acondicionamento do pazo de Meirás á familia de Emilia Pardo Bazán, así como nas aportacións de máis dun 15% dos orzamentos municipais dos distintos concellos da comarca da Coruña -falamos entón claramente de diñeiro público, o que invalida o argumento da familia Franco sostendo que o pazo de Meirás foi "doado" polo pobo de Galiza ao ditador-.

Permisividade que, logo de ser declarado o pazo como Ben de Interese Cultural, o cal obriga á súa apertura ao público - neste caso son catro días ao mes, aínda que na Lei de Patrimonio Cultural de Galiza non se estipulen os días que se abren os B.I.C. ao público-, a familia Franco né-

gase a abrir o pazo no mes de agosto, aducindo que "están de vacacións". Os "señoritos" que veranean en "provincias" e non queren ser molestados... coa complicitade da Xunta de Galiza do Partido Popular, que agocha a súa responsabilidade e "escaquease" de pedir que se cum-

pra a legalidade. Partido Popular que nunca condeou ao franquismo, e é coherente coa permisividade que sempre tivo coa familia Franco ao deixala usar un pazo para veranear cando sabe perfectamente que o pazo foi roubado ao pobo polo ditador e que é o pobo quen debería de ser

quen tivera a titularidade do mesmo. Pero á CRMH da Coruña segue exixindo que se restituía ao patrimonio público o pazo de Meirás. Non valen que se abra ao público catro, seis, oito días ao mes. Os que sexan. A familia Franco, se quere veranear en Galiza, que se pague un hotel, como fan todas as persoas decentes. Que non é para nada presentable nunha democracia que as persoas descendentes dun ditador sanguinario teñan usufructo de propiedades que deberían de ser públicas para veranear. A ninguén se lle pasa pola cabeza en Italia ou en Alemaña que a familia de Benito Mussolini ou de Adolf Hitler aínda sigan disfrutando das riquezas que tiñan os seus parentes. Sobre todo se esas riquezas tiñan moito que ver co Estado italiano ou alemán.

Por iso a CRMH pide a inmediata DEVOLUCIÓN ao patrimonio público do pazo de Meirás.

Por hixiene democrática.

Por dignidade.

Devolución do pazo de Meirás XA!!!



Por: Guillermo Rodríguez

Director de Novas do Eixo Atlántico

De tertulias e tertulianos

Nesta crise, que parece existencial, que vivimos unha das cousas que nos asulagan na mediocridade son as tertulias, os mal chamados debates.

Un debate consiste en intercambiar ideas e propostas diferentes. Un debate, é tal a súa realización que, cando remata, podemos afirmar que aprendemos algo, que nos facilitaron novos datos, novas ideas que nos van valer para confirmar o noso propio criterio. Nunha palabra, que nos fan pensar. Por pensar e por informar sobre ideas fixéronlle beber a cicuta a Sócrates. É obvio que aos nosos tertulianos ninguén lles faría tales cousas; os seus debates, as súas ideas son intranscendentais.

O nivel de debate nas canles tanto radiofónicas como televisivas, salvo raras excepcións, é dun mediocre nivel. Tanto políticos como xornalistas non se saen do guión preestablecido polos seus co-

rrespondentes partidos ou da liña informativa dos seus medios.

Aínda que, como di o refrán, en todas partes cocen fabas, nos países da nosa contorna os debates fanse entre expertos nas distintas materias sometidas a discusión: historiadores, filósofos, políticos destacados, educadores de renome, etc. En canto ás mentes ilustradas deste país nos debates “nin están, nin se lles espera”

Os temas de discusión son do máis sórdido posible: faladurías sobre a vida e obra dos políticos, especulacións sobre declaración da renda para ver se se pode quitar de en medio algún adversario, enfatizar sobre o bos que son os partidos de cada quen e que malos son os contrarios, etc.

Pero os temas serios que interesan aos cidadáns, os asuntos que lle acompañan á hora de comer, deses temas, se están polo medios bancos, grandes industrias,

fondos de réptiles, etc., diso ninguén ten os suficientes oeufs para poñelos en discusión.

Por exemplo: estes días facilítansenos datos realmente preocupantes, datos que si deberan ser materia de discusión en programas televisivos e radiofónicos. Sabían vdes. que nos últimos tempos o prezo da enerxía precisa para a produción eléctrica baixou considerablemente, pero o prezo do recibo da luz subiu ostensiblemente. Curioso, non si? A famosa regulación das compañías eléctricas fai o “milagre”.

O lóxico sería que quen máis consome máis pague, pero non é así. O noso Goberno, co Sr. Rajoy á fronte, decidiu en 2013 que os consumidores pagaran máis en concepto de potencia contratada, para garantir os inxentes ingresos das empresas eléctricas. O balance neses datas é abrasador. Para o consumo doméstico supón unha subida do 92% a parte fixa do recibo; para o consumidor industrial supón un 145%.

O ingreso asegurado das eléctricas procede de facturar aos clientes o equivalente a 175 Gw (megavatios) de potencia contratada; pero é sabido que o sistema ten unha potencia instalada de 108 GW (megavatios); a punta máxima que utilizamos, segundo os expertos, é de 39 GW. En resumo, pagamos 136 GW que non consumimos.

Isto poderá parecer un tanto complicado, pero é algo que come á mesa con cada “españolito que vino al mundo”, en palabras de Antonio Machado. Pregunta, dixo algo Rajoy de que cada consumidor pague por aquilo que consome? Por que non nos ofrece, como agasallo electoral o que é de xustiza? Seguro que moitos cidadáns ata pensarían darlle o seu voto. A ver se se atreve a ordenar ao seu ministro de Industria para que poña “firmes” as empresas eléctricas que son como samesugas que nos chupan a toda hora aínda que non teñamos as luces acesas.

Outro tema interesante para discutir neses supostos debates sería entrar a fondo nesa falacia que nos están vendendo sobre un aumento de ingresos porque a economía, din, vai coma un foguete. Sen embargo o noso goberno esconde, coma os trileros, ases na manga. Por exemplo; o déficit público comprometido con Bruxelas ten que baixar, o próximo ano, do 4'2 % ao 2'8% do PIB. A senso contrario estannos vendendo aumento de gasto social, aumento de soldos, recuperación de pagas extras a funcionarios, etc. etc. Como van casar os números? De onde van saír eses miles de millóns de euros que nos esixe a TROIKA se non queremos vernos como Grecia? Cales van ser os sectores afectados para facer efectivo ese pago inescusable? Disto nin Montoro nin Rajoy din ren. O lóxico e serio sería que se vexan refletidos nos próximos orza-

mentos do Estado para que todos saibamos a que aternos o vindeiro ano. Sumo cuidado ten Rajoy de facer públicos estes datos. O da transparencia só afecta as “suculentas migallas” duns cantos políticos e funcionarios. O gordo do pastel, iso é o misterio máis ben gardado.

Acaso, nesta nova Arcadia feliz, os novos contratos laborais van pasar de 8 horas mes a oito horas día? Acaso os universitarios van dispoñer de becas suficientes para poder saír ao estranxeiro para completar a súa formación e non ter que lavar pratos para pagarse a súa estancia? Van disfrutar de comedor escolar suficientes, para que todos os nenos/as que pertencen a esas miles e miles de familias en paro poidan beneficiarse de, alomenos, unha comida diaria?

Estas e outras serían as novas que Rajoy deberá ofrecernos; estas e outras noticias son as que os nosos tertulianos deberán discutir e facer preguntas como nós facemos neste humilde xornal.

E mentras no panorama pintan bastos, aquí en Galiza, estamos discutindo se son galgos ou podencos.

Galiza ten que estar en Madrid si ou si. Alí vaise xogar o noso futuro como País na próxima lexislatura. Se nos enzarzamos en discusións bizantinas sobre soberanías e dereitos a decidir (que son irrenunciabes, agora non son negociabes), corremos o risco de que nesa nova constitución que sairá da próxima lexislatura Galiza se convirta nesa rexión do noroeste, verde e gastronómica, que dicía o ínclito Sr. Aznar, que Deus confunda, dirixida dende os despachos socialistas ou conservadores, que tanto monta.

Sexamos xenerosos, confiemos nas nosas propias forzas coa seguridade de que continuamos discutindo, se son galgos ou podencos, moito me temo que cando nos presentemos na *villa y corte* nos digan que xa non hai entradas. Logo, como di a Biblia “*será el llanto y crujir de dientes*”.

Esperemos que os nosos políticos, os novos cargos públicos que sentan este País máis aló do seu bandullo, estean á altura dos novos tempos que nos esixen mellorar a vida dos galegos, as súas prestacións sociais públicas e gratuítas, asegurar uns ingresos dignos para todas as familias e un futuro de esperanza e ilusión. Que así sexa.



Política

Queremos ver a Castelao

Máis de 11.000 sinaturas, entregadas no Rexistro do Parlamento Galego, apoian a Iniciativa Lexislativa Popular sobre o dereito á contemplación da obra de Castelao polo pobo galego. Tras cumprir co requisito exixido, continua o trámite legislativo para que o conxunto obra de Castelao poda ser debidamente contemplada.

Pilar García Negro, portavoz da Comisión promotora: “Castelao continúa duplamente enterrado para a poboación galega. O obxectivo da ILP é rematar coa ocultación da súa figura e da súa obra. Queremos que a utilización do seu nome non sexa en van; temos o dereito ao coñecemento e a contemplación da obra de Castelao”

A presidenta Galiza Cultura -entidade que agrupa as asociacións culturais-, María Pilar García Negro, o secretario xeral de CIG-Ensino, Anxo Louzao, o presidente da Mesa pola Normalización Marcos Maceira, e membros de asociacións culturais

como M^a Antonia Pérez, de O Galo, Alberte Ansele, da Fundación Manuel María, ou Xoán Carlos Garrido, de Vagalume entregaron no rexistro do Pazo do Hórreo as sinaturas que permitirán que Castelao sexa o protagonista dun debate parlamentario sobre a necesidade de visibilizar a súa obra e a súa biografía.

“Cómpre sacalo do enterramento duplo; teñamos en conta a actualidade do seu pensamento; o debate político destes momentos está perfectamente guionizado en moitas das páxinas que el escribiu”, engadiu que lamenta que boa parte da súa obra non estexa exhibida nin ao dispor do pobo galego. En espe-

cial, citou a obra “A derradeira lección do mestre”, que se atopa en Arxentina e da que se pide o retorno na propia ILP. García Negro mostrou a súa confianza en que “deputados e deputadas se comporten como xente ilustrada e que fagan

honra ao patriota, pensador e artista sen o cal ningún estaría a gozar como representante no Parlamento galego”, dixo, “foi o propio Castelao o que “resgatou o Estatuto e conseguiu a súa tramitación parlamentaria e a aprobación nas Cortes”.

Cando se vai con-

memorar en 2016 o centenario das Irmandades da Fala, García Negro lembrou que Castelao é un dos seus impulsores polo que reclamou tamén para el unha maior atención de cara ao vindeiro ano. A ILP demanda o “acceso público e aberto a través da rede de Internet a toda a súa obra dixitalizada para coñecemento e uso de todo o pobo galego” das case 4.000 obras da súa autoría. Desde a súa presentación pública, desde Galiza Cultura e as outras entidades promotoras desenvolvéronse actos por todo o país para buscar apoios e difundir o contido da ILP e, alén diso, a propia obra e figura de Castelao.



Compromiso pon o exemplo da Marea Atlántica para construír unha grande Marea Galega

O Secretario Xeral, Xoán Bascuas, vén de reunirse co Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro

O Secretario Xeral de Compromiso por Galicia, Xoán Bascuas, vén de reunirse co Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, para amosarlle, primeiramente, “a súa lección polo resultado da Marea Atlántica na Coruña, polo liderado municipal que están exercendo poñendo ás persoas e ás súas necesidades en primeiro plano e para ofrecer a dispoñibilidade de Compromiso no que eles estimen oportuno”. Posteriormente, Bascuas indicou que o seu segundo cometido era “trasladarlle persoalmente a resolución do noso Consello Político Nacional” de promover “unha plataforma cidadá galega, unha Marea Galega” para as vindeiras eleccións xerais que sirva para propiciar un cambio político, institucional, económico e social e para garantir que Galicia teña voz propia no novo escenario político que se abre no Estado.

O líder galeguista cre que “é a cidadanía quen ter que exercer esa responsabilidade, e que as organizacións políticas debemos ser simplemente instrumentos, dando cobertura e achegando o que se nos vaia solicitando de cara a chegar a esa ampla maioría social que quere un cambio poli-

tico”. Este amplo movemento, “que adoptando o nome que adopte, debería parecerse ao que foi a Marea Atlántica da Coruña, onde quen se puxo diante a liderar foi a cidadanía e detrás a empurrar as organizacións políticas, sen veto a ningún”, debe cristalizar, “nun lugar onde todos e todas nos sintamos cómodos e cómodas”. “Compromiso por Galicia”, indica Xoán Bascuas, “non asumirá ningún tipo de posición apriorística nin poremos ningún tipo de condición previa para animar á nosa afiliación e simpatizantes a participar a título individual nesta Marea Galega”, que, “estou seguro”, “guiarase pola metodoloxía da nova cultura política”, e onde, “engade”, que non debe ser só de nacionalistas, senón de toda a xente, e onde non sobraría ningún, e faría falta tamén toda a forza das persoas de Podemos, BNG, Anova, EU e Compromiso”, pero sobre todo do conxunto da cidadanía que queira participar neste momento histórico”. O líder galeguista quixo agradecer a dispoñibilidade de Xulio Ferreiro e deulle ánimo para seguir a traballar, “na grande tarefa de construír esa outra Coruña posible”.



■ Bascuas e Ferreiro.

Beiras: “É indispensábel termos interlocución permanente se queremos restaurar a democracia fronte á oligarquía disfrazada de democracia”

Beiras trazou durante a súa intervención un bosquejo da situación actual, explicando previamente o seu pensamento “nacionalista de carácter emancipador mesmo con moitos elementos libertarios”, en contraposición aos nacionalismos opresores.

“Estamos no final dun ciclo histórico a nivel do sistema-mundo, a nivel europeo e a nivel do Estado español. Non ten saída. Un ciclo esgotado pero que aínda hai que derrotar politicamente”, comezaba Beiras. Como exemplo puxo o caso da Unión Europea: “é a antítese dunha Europa dos pobos, dunha Europa cidadá e dunha Europa social. Non vale de nada tentar reparala”, para tamén facer autocrítica: “a esquerda europea non temos un programa económico alternativo ao que impón a troika. Por agora só temos rótulos. Debemos cobstruír iso urxentemente”.

O portavoz de Anova centrou a meirande parte da súa intervención en debullar a crise do modelo de Estado, para el obsoleto, especialmente no referente ao descontro entre a cidadanía e as diferentes formas de representa-

ción política. Así, insistiu en que nas vindeiras eleccións ás Cortes “non debemos ir a un cambio de inquilinos, senón a unha ruptura democrática que, malia que non se dea de contado, debería estar claramente no horizonte para que a praxe dunha nova cultura política emerxente non se desvíe do necesario obxectivo de mudar de réxime a favor da maioría social”. Beiras dedicouse posteriormente a explicar ao alumnado madrileño e aos asistentes, entre os que estaban entre outros Sabino Cuadra (Amaiur), Juan Carlos Monedero (Podemos) ou Lara Hernández (IU), o seu ollar sobre o proceso vivido en Galiza dende hai tres anos “non para que extrapoleades aquí, senón por se vos pode servir para seguirdes camiñando”.

No entanto, amosou a súa preocupación ao respecto de que “se se emprende a creación dunha marea galega, como así parece querer moita xente, e hai forzas políticas que se desmarcan pero cuxa militancia participou nelas, sería unha irresponsabilidade, pois meterían unha bomba de relojería neses procesos cidadáns tan exemplares e ilusionantes”. “Neste intre en Galiza



hai tres patas. A cidadanía activa autoorganizada, as mareas e os partidos da esquerda rupturista. A tarefa é a de ensamblar todo iso para articular unha alianza de clases e de suxeitos de soberanía cara ás eleccións ás Cortes, cunha alternativa programática clara e o irrenunciábel protagonismo cidadán”, e continuou apuntando que “as mareas, malia que moitos non o sabían, son un movemento claramente republicano”. “A cimentación na

nosa terra está botada, mais agora hai que instalar as vigas mestras e logo, se cómpre, buscar aliados no Estado porque temos en moitas cousas obxectivos comúns” e interpelou tamén aos asistentes e ás forzas políticas estatais a entender que deben escoller entre “respectar e defender os diferentes suxeitos políticos do Estado ou colaborar na súa extinción”.

Xosé Manuel Beiras quixo rematar a súa intervención, xa no tempo de

preguntas do público, resumindo: “hai acordo en irmos a unha república? hai acordo en irmos a unha nova constituínte, cando menos no horizonte? hai acordo en consensuar un programa en beneficio da maioría social? hai acordo en respectar o dereito a decidir das nacións do Estado? Daquela, porque non imos cara aí e vemos como fcelo, no canto de andar a falar doutras cousas que de nada serven sen estas premisas?”.

Anova-IN e Podemos inician un diálogo político para procurar fórmulas de cooperación



■ Xosé Manuel Beiras e Pablo Iglesias na escalinata do TSXG en A Coruña grupo de mozas

Tralla última Conferencia Política Nacional, Anova-Irmandade Nacionalista encetou encontros e diálogo con organizacións políticas coas que entendemos que é posíbel encontrar fórmulas comúns de participación en procesos de unidade popular e tamén en alianzas para as vindeiras eleccións xerais.

Neste contexto, iniciamos tamén con Podemos Galicia conversas que teñen como obxectivo explorar coincidencias e puntos de encontro primeiramente desde o punto de vista político, independentemente da fórmula de concorrencia electoral que finalmente se dea.

Así, logo dun primeiro contacto, comprobamos importantes coincidencias con Podemos Galicia nos seguintes aspectos:

Anova e Podemos entendemos Galiza como Nación e o Pobo Galego como suxeito de soberanía.

Ambas as dúas organizacións coincidimos en que a participación nunhas eleccións ás cortes españolas debe dar lugar a un espazo parlamentario propio que teña a Galiza como o seu espazo de representación.

Concibimos as nosas organizacións como instrumentos da cidadanía do común, non como fins en si mesmas. As organizacións son simples ferramentas a disposición do pobo para poñer en valor a conquista das arelas de cambio que se evidencian nestes tempos. Nese proceso se insire a necesidade dunha

creba democrática que permita novas formas de exercer acción de goberno baseadas en favorecer mecanismos de participación popular e de devolución das institucións á cidadanía. As institucións deben servir para reverter as políticas de agresión contra a maioría social e para defender os seus dereitos, conquistas e necesidades.

Concordamos na realidade plurinacional do Estado español e entendemos que o réxime do 78 está esgotado. Un novo marco institucional para o Estado español non é posible se non é mediante un proceso de procesos constituíntes que garanta o respecto das vontades soberanas dos suxeitos políticos das diversas nacións.

Celebramos o éxito conseguido nas pasadas eleccións municipais polas candidaturas de unidade popular e cidadá. Como é ben sabido, as dúas organizacións, xunta a outras, participamos a través da nosa militancia a nivel individual en moitas desas candidaturas. Comprometémonos, pois, a contribuír con todo o noso esforzo a facilitar o traballo nos espazos de poder cidadá e os grupos municipais independentemente do resultado dos procesos de diálogo para conformación de candidaturas ás eleccións xerais.

O proceso de diálogo entre Anova e Podemos continuará aberto co obxectivo de encontrarmos as fórmulas de cooperación política para a unidade popular neste intre histórico que estamos a vivir.

A Coruña

O Concello da Coruña anima á cidadanía a gozar dunhas festas “libres de violencias machistas” nunha campaña de concienciación

Promovida pola Concellería de Igualdade e Diversidade, conta con carteis e folletos que se distribuirán pola cidade, ademais de presenza nas redes sociais deste departamento municipal. A concelleira Rocío Fraga recordou que o seu departamento prepara unha proposta de pacto social nesta materia.

A concelleira de Igualdade e Diversidade, Rocío Fraga, presentou este venres a campaña “Por unhas Festas Libres de Violencias Machistas”, que busca concienciar á cidadanía para “gozar do ambiente festivo estival nun marco de convivencia en igualdade e libre de violencia sexista”.

Para que a campaña chegue

“Cremos que aportar solucións contra a violencia sexista é unha responsabilidade social de todas as persoas e institucións os 365 días do ano. Ademais, cremos que non debemos conformarnos con definicións básicas de Violencia de Xénero, identificándoa só coas agresións terribles que sufrimos as mulleres vinculadas ás relacións sentimentais e que está asasi-

a todos os veciños e veciñas da cidade, así como a aquelas persoas que se acheguen até o concello, editáronse carteis que se distribuirán en puntos estratéxicos, así como folletos para repartir xunto co programa de festas. Ademais, as redes sociais da Concellería de Igualdade e Diversidade (facebook.com/igualdadecoruna e @igualdadecoruna, en Twitter) inaugúranse con esta campaña. “Consideramos imprescindible o uso das redes sociais para chegar a todos os públicos aos que pretendemos chegar”, indicou Fraga, na rolda de prensa que ofreceu ante os medios. A concelleira recordou que o Goberno local ten o compromiso de colaborar con todas as institucións públicas e axentes sociais do municipio para traballar en conxunto e facer da Coruña “unha cidade libre de violencias machistas”. Fraga recordou que a súa concellería traballa para ter lista de cara ao outono “unha proposta de pacto social nesta materia”.

nando a ducias de mulleres no noso país e no estado. Esa é a punta do iceberg”, sinalou a concelleira.

Tal como explicou Fraga, dende o Goberno municipal acordouse promover campañas de concienciación, “incentivando a apertura de espazos de convivencia entre iguais, especialmente a través do reforzo dos recursos de atención ás situacións de violencia machista”.

A campaña que lanza o Goberno local ten ademais como obxectivo visibilizar os servizos da Concellería de Igualdade e Diversidade. “A nosa intención é poñer en valor os equipos de traballo que hai, pola gran valor de realizan no marco da promoción da Igualdade e a Diversidade, así como a loita contra as Violencias Machistas”, dixo Fraga. Os servizos adscritos actualmente son o Centro de Información á Muller (CIM), o Centro de Orientación Familiar (COF) e a Unidade de Asesoramento a Migrantes (UAMI). “O resto de servizos que se conformen dende a concellería irán na mesma liña”, rematou Fraga.

Decálogo para unha cidade libre de violencias machistas

1. Dignidade. Tratar con respecto a xente, a cadaquen. 2. Reconecer e por en valor a Diversidade.
3. Evitar illamento, exclusion e marxinalidade.
4. Respetar a intimidade. Evitar agresións e invasións dos espazos de intimidade das persoas.
5. Coidar: coidate, coida, coidemonos.
6. Ser responsable das relacións que cadaquen quere establecer.
7. Cando alguen di NON ante unha oferta sexual explícita e NON E XA! Non e cuestión de interpretacións, NON e NON.
8. Nada xustifica unha agresión sexista. Formos de onde formos, vistamos como vistamos, liguemos como liguemos... Temos dereito a estarmos, a celebrarmos e a gozarmos en Igualdade.
9. Rompe a cadea de actitudes e comportamentos machistas; pensa no que van reproducir os nenos e as nenas.
10. Ante unha agresión, verbal, sexual ou física na rua: ACTUA! Fagamos destas festas o inicio dunha nova convivencia en Igualdade



Aprobado por unanimidade o acordo de organización do Concello

Na tarde deste xoves os catro grupos con representación no Concello da Coruña (Marea Atlántica, PPdeG, PSdeG e BNG) aprobaron por unanimidade a nova organización municipal. O respaldo á proposta negociada polo equipo de Goberno produciuse despois de que o pasado luns todas as formacións acadasen un consenso en torno a cuestións tales como a periodicidade das sesións plenarias, as comisións que se levarán a cabo no Consistorio, ou as retribucións dos edís.

O alcalde, Xulio Ferreiro, felicitou aos grupos municipais por ter chegado a este consenso histórico que “permite á Oposición ter máis medios que nunca na historia do Concello marca un precedente”. “Non debería ter sido necesario esperar a hoxe xa que a proposta do pasado día 11 non contiña grandes diferenzas con respecto a esta”, apuntou Ferreiro, quen quixo destacar que as bases do consenso acadado “marcan un punto de inflexión e de non retorno”.

“Estamos a facer unha dotación de medios que nunca houbo para os grupos que non están no Goberno”, engadiu o alcalde, deixando claro que esta nova proposta de organización trae aparellada unha considerable rebaixa nas retribucións que recibiran os concelleiros.

O novo Goberno cobra menos e custalle menos aos cidadáns”, explicou Ferreiro. “Negarlle medios ao Goberno local, é negarllos á cidade, non ao grupo da Marea Atlántica”, opinou.

A voceira do BNG, Avia Veira, quen ratificou o acordo e o voto a favor da proposta de organización municipal, salientou a redución de soldos neste novo mandato. A socialista, Mar Barcón, declarou que se tiña chegado a un “bo marco organizativo; esperamos perdure no tempo”. Por último, Carlos Negreira, polo PP, indicou “será necesario seguir dialogando, aínda que se acadaron ‘unas bases importantes’”.

Tralo acordo as sesións ordinarias plenarias celebraranse o primeiro luns de cada mes, ás 17.00 horas, coa fin de abril á cidadanía en xeral. Haberá ademais 15 comisións, unha de voceiros de grupos, 5 para o grupo de Goberno, 5 para o PP, tres para o PSOE, e un para o BNG.

En canto ás retribucións o alcalde percibirá 40.000 euros brutos ao ano, mentres que os edís de Goberno cobrarán 35.000 euros. Os de dedicacións parciais, seis horas diarias terán unha retribución de 27.000 euros brutos/ano, mentres os de unha dedicación parcial, 4 horas, recibirán 20.000 euros ao ano.

Xulio Ferreiro e Manuela Carmena pensan na FEMP como ferramenta para potenciar as políticas municipalistas



O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro viaxou este mércores a Madrid, onde se reuniu coa alcaldesa da cidade, Manuela Carmena, nunha xornada de traballo na que tamén participou a concelleira de Participación Cidadá, Claudia Delso.

Durante a xuntanza abordaron diversas cuestións. “Unha delas foi o xeito que poden ter os concellos, e de xeito especial aqueles que abrimos novas etapas, de crear redes para superar os corsés que a engranaxe institucional creou para facernos desistir de políticas alternativas”. X. Ferreiro sostén que “desde a unión e a cooperación pódense abrir espazos na arquitectura administrativa actual para devolverlle o protagonismo á xente e, polo tanto, ás súas institucións máis cercanas, como son as municipais”.

Falaron da forza común que gobernos como os da Coruña, Madrid, Barcelona, ou Compostela poden exercer fronte ás políticas

do ministro Cristóbal Montoro, esixindo unha rixida estabilidade orzamentaria, claramente ideolóxica.

O alcalde coruñés falou con Carmena das súas competencias, na nova Lei de Réxime Local. “Cremos que se abriu un proceso no que se intenta afastar á cidadanía da toma de decisións, e nós estamos á fronte dos nosos concellos co mandato contrario, ou sexa, o de incidir na participación e na cercanía”.

A propia FEMP pode ser unha ferramenta para traballar en común, para reverter esas políticas”, indicou.

Acordaron iniciar unha “interlocución permanente” estendendoa a outros concellos. Este traballo en común debe servir para “superar esquemas que están construídos para obstaculizar as políticas que nós defendemos e agora á fronte dos concellos, vemos como son bastante máis pétreos do que nos gustaría”.

Outro dos temas tratados foi o relativo á vivenda e como conseguir inmobles de carácter público que estean a disposición das persoas que os necesiten.

Sobre este tema tamén fixo o alcalde coruñés referencia na entrevista da que foi obxecto no programa Las Mañanas de Cuatro, na que tamén reflexionou sobre os recentes casos de corrupción.

“Estamos a ver como nas últimas eleccións unha gran parte da cidadanía dixo ‘basta’. É unha situación de contradición: mentres se recetan recortes, aparecen casos de políticos que gastan e se aproveitan do público”, opinou. “A corrupción foi unha práctica habitual, durante décadas ser o concelleiro de urbanismo era un choio... Cando algún caso destes sae á luz, se non se asumen responsabilidades políticas, ao final, serán os propios cidadáns os que lles dean a patada”, sentenciou.



Visita dunha delegación de Galati (Romanía), encabezada polo alcalde da localidade, Marius Stan, ao pazo de María Pita, na mañá deste luns, dentro do percorrido que está a facer por distintas cidades para estudar aspectos relativos á mobilidade. O rexedor e o resto de representantes foron recibidos polo alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, e o concelleiro de Mobilidade Sostible, Daniel Díaz Grandío



A Coruña

O alcalde da Coruña recibe aos estudantes con bolsas de estudo en Estados Unidos e reivindica a Educación como unha prioridade do Concello

Xulio Ferreiro e a concelleira de Xustiza Social e Coidados, Silvia Cameán, reuníronse no Salón de Plenos, co alumnado da cidade que marchará nove meses para realizar un programa de inmersión lingüística



■ O Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, e a concelleira de Xustiza Social e Coidados, Silvia Cameán, mantiveron cun grupo de mozas e mozos do Concello que participarán este ano.

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, e a concelleira de Xustiza Social e Coidados, Silvia Cameán, recibiron este luns no Salón de Plenos do Concello a un grupo de mozas e mozos da cidade que partirán a Estados Unidos para realizar un programa de inmersión de preto

de nove meses de duración. Ademais, na comitiva que visitou María Pita tamén se atopaban os bolseiros que participaron na última edición do programa, destinado a estudantes empadroados no municipio. Ferreiro manifestou que a educación é unha das principais prio-

ridades deste Concello. “A nosa prioridade é a educación, poder dar oportunidades ao maior número de rapaces e rapazas da Coruña”, explicou o rexedor. “Só investindo na mocidade se pode conseguir unha sociedade mellor, a educación fai mellores ás persoas”, indicou.

O alcalde falou aos rapaces e rapazas participantes no programa de becas a Estados Unidos da oportunidade que se lles presentaba. “Deséxovos que todo ese caudal de coñecemento que atesouraredes sirva para facer unha cidade máis próspera e máis xusta”, dixo. O programa de bolsas en Estados Unidos ten como obxectivo posibilitar ao alumnado empadroadado

e escolarizado no municipio a aprendizaxe e adquisición de lingua inglesa nunha situación de inmersión. Os becados realizarán o Grado 11, equivalente a 1o de Bacharelato, nun High School americano. Para este curso, o Concello ofertou un total de 50 prazas. A estancia en Estados Unidos comezará en agosto deste ano e rematará en xuño de 2016.



■ Non podía faltar o selfie.

O Alcalde co Ateneo republicano

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, mantivo unha reunión con representantes do Ateneo Republicano. Na xuntanza abordáronse diversos temas relacionados coa actividade do Ateneo. Tamén se falou sobre o plan integral que prepara o Concello para cumprir coa Lei de Memoria Histórica. O concello

informa das bases do plan que pretende artellar: un proceso participativo, que se levará a cabo sen présa pero sen pausa, e no que se poida dignificar á memoria, homenaxear ás vítimas, e facer desta una cuestión que involucre a toda a cidade e que, á vez, teña un compoñente pedagóxico.



A VIII edición do Viñetas desde o Atlántico estrea nova ubicacion nos xardíns de Méndez Núñez

O concelleiro de Culturas cualificou a feira, que se desenvolverá entre os días 10 e 16 deste mes, como “un dos eventos máis importantes da cidade” e salientou a súa programación didáctica, na que participarán máis de 200 nenos e nenas

Viñetas desde o Atlántico estrea este ano emprazamento nos xardíns de Méndez Núñez, moi preto do Kiosco Alfonso, onde se atopa unha das súas exposicións principais. Será no espazo que ocupaban as casetas rexionais, “unha ubicación fantástica, que favorecerá moitísimo ao salón”, segundo destacou na mañá deste luns Manel Cráneo, coordinador das actividades que se desenvolverán nesta 18 edición do evento. Será alí, onde se celebran, durante a tarde do sábado, día 15, as actividades do que está considerado como o “día grande” da feira, que terá lugar entre os días 10 e 16 deste mes. Á presentación do programa asistiu tamén o concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, quen salientou o traballo que se está a facer desde o Concello dentro da súa aposta polo Viñetas, “un dos eventos máis importantes desta cidade e, ademais, unha cita tradicional, consolidada, referencial”. Neste sentido, o responsable municipal aludiu ás actividades vinculadas ás bibliotecas que se están a deseñar ou ao plan municipal de lectura no que xa traballa a súa concellería, e que incluírá esta disciplina. Sande referiuse tamén á busca dun espazo expositivo que poida acoller de forma permanente



mostras vinculadas ao cómic e á ilustración.

O concelleiro destacou ademais o papel pedagóxico da feira do cómic e cualificou a súa programación didáctica como “unha das súas claves”. Neste sentido, o director do salón, Miguelanxo Prado, sinalou durante a presentación desta mañá a importancia das actividades didácticas que se desenvolverán no Ágora e o Forum, para “ir enganando a

novas xeracións, potenciar á xente que amose interese ou maneiras, e tamén na finalidade case principal de prolongar as actividades do Viñetas”, sobre todo de cara ás entidades da cidade como os institutos ou a escola Pablo Picasso, “de tal xeito que a banda deseñada teña tamén esa compoñente de portas abertas para ir deixando entrar a novos autores e autoras”. Nos obradoiros participarán máis de

200 rapaces e rapazas de entre catro e doce anos.

Prado tamén incidiu na presenza

creativas que hai dentro da banda deseñada”. “No caso das mulleres, nos últimos anos ocu-



feminina nesta edición do salón do cómic, que por primeira vez conta con máis invitadas mulleres que homes e que, segundo subliñou o seu director, mantén o obxectivo central do evento, que é “amosar ao público xeral a amplísima gama de temáticas, de estilos e incluso de posturas

paron espazos que os autores deixamos moito tempo descoidados”, recoñeceu.

Máis información sobre o programa, os autores e autoras convidados, os espazos expositivos e as actividades en: <http://www.vinetasdesdeoatlantico.com>.

A Coruña

A Concellería de Igualdade traballará para mellorar a accesibilidade nos espazos públicos para colectivos con diversidade funcional

A concelleira de Igualdade e Diversidade, Rocio Fraga, finalizou onte a rolda inicial de encontros con algúns dos colectivos vinculados a súa área que servirá para, en setembro, elaborar unha proposta de plan transversal de traballo. Na xuntanza deste mércores, a edil reuniuse con 42 persoas pertencentes a 20 entidades e colectivos relacionados co traballo da Diversidade funcional e/ou sensorial. Segundo explicou Fraga, entre as principais demandas deste colectivo “está todo aquilo que ten que ver coa visibilidade e o empoderamento das persoas e do traballo das entidades ou colectivos deste

ámbito”. Ademais, “fixeron especial fincapé nos problemas de accesibilidade, destacando a importancia de facer un esforzo dende a política municipal nos seus propios espazos e actividades”.

Outra das conclusións do encontro foi a necesidade e o desexo de facer un traballo conxunto e transversal que axude á maior visibilización deste colectivo. Entre as propostas que se debateron está a de crear un banco de recursos materiais de apoio para a autonomía persoal, fomentar a arte e a creación como ferramenta de participación en procesos de autonomía, incidir especialmente na



visibilización da situación de desigualdade que viven as mulleres con diversidade funcional e/ou

sensorial, ou a participación de persoas con diversidade funcional en actividades doutros colectivos.

Neste punto púxose como exemplo o voluntariado de persoas con Síndrome de Down para colaborar en actividades doutras entidades, asociacións ou incluso institucións, como a municipal. Rematada esta xuntanza da rolda inicial de contactos, en setembro, a Concellería de Igualdade e Diversidade espera poñer en marcha un plan transversal de traballo, cuxo desenvolvemento farase conxuntamente con todos os colectivos cos que contactou ao longo deste mes. Trátase, en concreto, de persoas e entidades vinculadas ao traballo en cuestión de xénero, de LGTBQI, migracións, diversidade funcional e/ou sensoriais ou étnicas.

O Concello da Coruña presenta unhas festas que unen “legado e renovación”, potencian os barrios e son un 60% máis baratas



Parlamentarios estatais facendo o Camiño a Santiago

O parlamentarista popular Gonzalo Ordóñez promoveu en Madrid a Asociación Parlamentaria de Amigos do Camiño de Santiago. Nestes momentos está composta por 132 parlamentarios dos distintos grupos representados na Cámara. Na fotografía podemos ver aos primeiros 46 membros que fixeron o Camiño,

acompañados por un equipo de TVE, do programa Parlamento. En Santiago foron recibidos por Rajoi (que andaba por Galicia) e polo Vice-Presidente do Goberno Galego Sr. Rueda. Parece que a experiencia foi positiva porque moitos xa se apuntaron para repetir.



O Goberno municipal aposta por un cambio nas políticas de vivenda que promova o aluguer e a inclusión social

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, mantivo un encontro co experto en políticas urbanas de Chicago, Roberto Requejo. Estivo acompañado polos concelleiros de Desenvolvemento Económico, Marta Lois, e de Espazos Cidadáns, Jorge Duarte. Segundo explicou tras a xuntanza a concelleira Marta Lois, o encontro serviu para "falar de problemas comúns con escalas

diferentes". Neste sentido, indicou que a experiencia de Roberto Requejo en Estados Unidos en temas vinculados co desenvolvemento comunitario, coa vivenda social e coa diversidade e a exclusión en Chicago, é útil para o Goberno local no marco do "noso compromiso co social, coa vivenda e coa necesidade de construír un relato de cidade onde estes temas sexan os piares do cambio político".



Santiago de Compostela

O alcalde encontra receptividade en Feijóo á demanda dunha achega estable para a capitalidade e na defensa da intermodal

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, reuniuse co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo na sede do Executivo autonómico en San Caetano. O rexedor cualificou como "positiva" a xuntanza, así como a "receptividade" do titular do Goberno galego en canto á estabilidade do financiamento das ferramentas de Capitalidade e á defensa dunha verdadeira estación intermodal para a cidade. Noriega apuntou que a reunión permitiu afrontar temas que "son importantes para a capital do país". Un deles é o das ferramentas de capitalidade, sobre as cales o alcalde expresou a necesidade de "frear a diminución da achega autonómica dos últimos anos" e de utilizar esas ferramentas "en beneficio dun proxecto que é conxunto". Indicou que houbo "receptividade" do presidente da Xunta cara esta cuestión. De feito, a continuación, Núñez

Feijóo asumiu o compromiso de estabilidade na achega autonómica ao Estatuto de Capitalidade e na súa parte do financiamento ao Consorcio de Santiago. Así se reflectirá, dixo, nos orzamentos da Xunta de 2016. Martiño Noriega afirmou que tamén atopou receptividade do titular do Executivo autonómico no relativo á defensa dunha verdadeira estación intermodal. Reiterou que o Goberno municipal "non está en contra da aplicación dos fondos para a busca dunha solución ferroviaria", pero "precisamos garantías no horizonte para non renunciar á intermodalidade". Neste sentido, na reunión abordouse tanto o traslado da estación de autobuses –que corresponde á Xunta de Galicia– como a interlocución que esta poida ter co Ministerio de Fomento para "dotarnos desas garantías de que a intermodal será unha realidade nos vindeiros anos".



Kiril Djaikovski agasallou ao público da Quintana cunha intensa e festiva sesión de música electrónica e balcánica

A praza da Quintana acolleu a singular fusión de música electrónica e ritmos tradicionais balcánicos do macedonio Kiril Djaikovski. Punto e seguido para unhas festas do Apóstolo que entran xa na súa recta final.


Balkan beats, drum'n'bass ou rap son algúns dos estilos que mestura Kiril Djaikovski nuns directos que sempre se converten nunha gran festa. Este concerto na Quintana non foi unha excepción.

Santiago de Compostela

Correspondencia (1928-1958): as cartas inéditas de Carlos Maside

A catedrática de Historia María Esther Núñez recompila 179 misivas do pintor ós intelectuais do exilio interior e exterior da súa época nun volume publicado por Alvarellos Editora e o Consorcio de Santiago.

Por: Rocio Pereira



■ Maside con Valle-Inclán na Alameda de Santiago en 1935

A correspondencia epistolar era unha das máis fortes ferramentas de comunicación e relación nos tempos nos que as tecnoloxías eran mesmo difíciles de imaxinar. Se as cartas eran un xeito de plasmar sobre o papel pensamentos e reflexións, a súa lectura posterior é un xeito de mergullarse en na historia, neste caso, da primeira metade do século XX. Correspondencia (1928-1958). Cartas inéditas e dispersas. Carlos Maside reúne as cartas enviadas polo pintor e artista Carlos Maside (Pontecesures, 1897) a boa parte da comunidade de intelectuais galegos do seu tempo, tanto do exilio exterior, como do interior, que era o seu caso. As misivas reflicten, cunha narración propia e identitaria, os segredos e confesións dos seus contemporáneos nun período relevante como foron os anos 30 e 40 en España. Nun volume coordinado por Anxo Tarrío, catedrático de Filoloxía Galega, a tamén catedrática de Historia M^a Esther Rodríguez reúne e transcribe toda a correspondencia de Carlos Maside; son 179 cartas, a práctica totalidade delas son inéditas, e foron escritas entre 1928 e 1958, ó longo de 30 anos. Achegan unha perspectiva persoal e histórica sobre o acontecido nesas tres décadas; están moi

marcadas pola Guerra Civil e a longa represión que a sucedeu e, segundo María Esther Rodríguez, “na súa lectura quedan reflectidas non só situacións conxunturais moi relevantes, senón tamén a forma de afrontalas e a evolución persoal dos seus protagonistas a medida que cambian as condicións circundantes”. Podería dicirse que o lector accede á historia íntima dun tempo e dun país a través das palabras dedicadas por Carlos Maside a Luís Seoane, Castelao, Federico García Lorca, Bal y Gay, Otero Pedrayo, Isaac Díaz Pardo, Cunqueiro, Paz Andrade, Fernández del Riego, Laxeiro, Manuel María ou Ánxel Fole. Tamén se compila a correspondencia de volta, recibida polo pintor, destacando, especialmente, a relación mantida con Luís Seoane. El foi o receptor da derradeira misiva, datada o 16 de marzo de 1958 e remitida a Bos Aires na que lle dá conta do seu estado de saúde. Maside falecía en Santiago de Compostela tres meses despois do envío, ós 61 anos. O libro incorpora fotografías, ilustracións e manuscritos, inéditos ata agora, que formaban parte do arquivo dos herdeiros de Maside. As cartas orixinais estaban manuscritas e nalgúns casos mecanografadas.



■ Mresentación libro Carlos Maside.

Literatela: un obradoiro para aprender a escribir da man de Suso de Toro

O escritor impartirá en Santiago de Compostela un taller de creación literaria

Por: Rocio Pereira

Formación para a escrita a través da experiencia dunha das plumas de referencia da literatura galega: a de Suso de Toro. Dende o 26 de setembro e ata o 12 de decembro, ó longo de dez sesións de dúas horas cada unha, desenvólvese en Santiago o obradoiro Literatela (Literatura de Compostela) que aprenderá as técnicas e recursos narrativos ás persoas participantes, co obxectivo último de que se perda o medo a escribir. O obradoiro nace da iniciativa da Escola de Escritoras e Escritores da Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega (AELG) e conta co patrocinio da Concellería de Normalización Lingüística de Santiago de Compostela. As sesións celebraranse os días 26 de setembro; 3, 10, 17 e 24 de outubro; 7, 14, 21 e 28 de novembro e 12 de decembro. A presentación da actividade tivo lugar na Casa do Concello compostelán e enmárcase, segundo o alcalde Martiño Noriega, “nunha nova etapa de relación coa AELG co fin de aproveitar o seu potencial para dinamizar o idioma, a cultura e a literatura galega”. Segundo as explicacións facilitadas pola organización, o obradoiro vai estar centrado na ficción malia que tamén haberá un achegamento á poesía e mesmo a outras formas de creación como o teatro, o guión ou as can-

cións, de haber tempo para abordalas. Os contidos que impartirá ó alumnado Suso de Toro inclúen a formación do escritor, as técnicas narrativas, a delimitación do campo da poesía e da ficción narrativa, construción da autoría e redacción de textos son algúns dos contidos deste obradoiro. Para o escritor o taller, destinado a público adulto, vai servir para que os participantes “amasen as palabras e poidan transformar a imaxinación en creación literaria”. Vai desenvolverse no Centro Sociocultural da Trisca os sábados entre as 11:30 e as 13:30 e contará con colaboracións destacadas como a do escritor Pedro Feijóo que participará como convidado nunha das xornadas.

Para poder preinscribirse ó obradoiro é preciso enviar un correo electrónico ó enderezo dlg@santiagodecompostela.org. Debe facerse antes do 12 de agosto, sinalando o nome completo, número de identidade e un teléfono de contacto. A admisión efectuarase por orde de chegada das solicitudes.

O período de matrícula esténdese do 7 ó 15 de setembro. As persoas que obteñan praza deberán recoller a folha de pagamento no Centro Sociocultural das Fontiñas (rúa de Berlín, 13) e volver entregala unha vez cumprimentada e aboada a taxa de 34 euros.



Por: Jesús Losada

A Mancomunidad asistirá ao XX aniversario do Día de Galicia en Asturias

A asociación “Día de Galicia en Asturias” celebrará do 9 ao 14 de setembro a tradicional semana de actos que este ano chega á XX edición.

Desde o día 9 quedará instalada na rúa peonil Pablo Picasso de Oviedo unha carpa cun parque temático, obra do polbeiro de Lugo Xosé Carpintero, no que se reproducirá a muralla de Lugo, as Burgas de Ourense e a Torre de Hércules da Coruña. Tamén se abrirá unha exposición do Centro de Diseño e Artesanía, da Deputación de Lugo. Manuel Fernández Quevedo, natural de Loureiro (Nogueira de Ramuín), presidente do colectivo galego e o teniente de alcalde de Oviedo e concelleiro de Cultura e Festexos, Roberto Sánchez Ramos “Rivi”, ultiman detalles neste sentido. “Estamos moi agradecidos ao Concello de Oviedo pola colaboración co noso colectivo. Tamén, á Cámara de Comercio, ao Auditorio Príncipe Felipe e ao xornal La Nueva España pola axuda durante todos estes anos. O noso agradecemento ás autoridades e organismos de Galicia que veñen colaborando coa asociación”, indica Fernández Quevedo. O día 11 celebrarase o encontro empresarial astur-galaico na Cámara de Comercio de Asturias que preside Fernando Fernández Kelly.

Abanca, Igape, Inorde, grupos de hoteis Oca, Azvase, Atox, Fahro así como o restaurante La Goleta e La Jamonería, serán algunhas das empresas homenaxeadas. Pola tarde, no Club de Prensa do xornal La Nueva España, varios historiadores asturianos e galegos falarán sobre o Camiño de Santiago. O día 12, no Auditorio Príncipe de Asturias actuará un grupo de gaitas e artistas galegos en homenaxe ao Concello de A Fonsagrada e da presidenta da Cruz Vermella de Asturias, a galega Celia, precisamente de A Fonsagrada (Lugo). O domingo día 13 ás 11 horas haberá misa na catedral de Oviedo cantada pola soprano asturiana Tina Gutiérrez. Posteriormente, no Auditorio, entregáranse as insignias de ouro e os carnés da asociación. De momento, confirmaron a asistencia o secretario xeral de Emigración, da Xunta de Galicia, Antonio Rodríguez Miranda e o presidente da Mancomunidad de Municipios da Ribeira Sacra, Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober (Lugo). Os actos rematarán cun xantar no hotel restaurante El Castillo de la Zoreda.



■ Manuel Fernández Quevedo presidente da asociación.

Sober lembra a Manuel María no primeiro pleno desta lexislatura

O equipo de Goberno do Concello de Sober decidiu, a proposta do alcalde, Luís Fernández Guitián, lembrar e enxalzar a figura de Manuel María no primeiro pleno ordinario da Corporación e agradecer á Real Academia Galega que vaia ser o poeta chairego a quen se lle dediquen ás Letras Galegas en 2016.



■ Busto de Manuel María, en Monforte de Lemos (Lugo).

O rexedor subliñou “a importante relación que o escritor tivo ao longo da súa vida coa Comarca de Lemos”, polo que considerou “de xustiza” recuperar a súa figura e obra. Como recoñecemento á súa traxectoria o alcalde leu o seu poema “A fala” e avanzou que o Concello de Sober neste ano renderalle o tributo merecido para que “que todos os nosos nenos e nenas e todos os veciños e veciñas coñezan o seu traballo por Galicia e polo noso idioma”. Manuel María Fernández Teixeiro, máis coñecido como Manuel María (Outeiro de Rei, 6 de outubro de 1929 – A Coruña, 8 de setembro de 2004) foi un poeta español en lingua galega, destacado polo seu carácter combativo e o seu compromiso político. Entre os temas dos seus poemas destacan o amor, a arte, o compromiso político, a denuncia de defectos, a etnografía, a física, a historia, a inmaterialidade, a mitoloxía, o mundo animal, a palabra poética, o paso

do tempo, a relixión, a sociedade, a lingua; tamén os traballos agrarios, o urbanismo e a xeografía. En 1942 trasladouse a Lugo para estudar o bacharelato, e comezou a súa precoz carreira literaria participando aos 20 anos no ciclo de conferencias “Novos valores lucenses”, co que entrou en contacto cos integrantes do faladoiro do afamado café Méndez Núñez que frecuentaban, entre outros, Luís Pimentel, Ánxel Fole e Xoán Rof Codina que o puxeron en contacto co galeguismo. Foi en 1950 cando publicou o seu primeiro poemario, “Muiñeiro de brétemas”, co que se inaugurou a denominada “Escola das Tebras”. No 1958 instalouse en Monforte, cidade na que permaneceu durante a maior parte da súa vida, como procurador dos tribunais e á que dedicou o poemario “Cancioneiro de Monforte de Lemos”. “Ademais de con outras zonas de Galicia, Manuel María tivo con Sober, Monforte e Castro Caldelas moita relación persoal e literaria”,

**XX Festa da Rosca.
11 e 12 de agosto 2015.**

*Degustación gratuita de racións de rosea
con queixo do país e licor café.*

CONCELLO DE SOBER.

Praza do Campo da Feira. 982 46 00 01 – 05



Ribeira Sacra

Pedra, paisaxe e viño

A Ribeira Sacra, localizada no sur da provincia de Lugo y no nordés da de Ourense, está integrada por vinteún concellos nos que se atopa a maior concentración de construcións relixiosas de estilo románico de Europa.



■ En Castro Caldelas celebranse en agosto as Xornadas do Folclóre que organiza a Deputación de Ourense.

Unha terra bañada polos ríos Sil e Miño, cos seus afluentes, que moldean a paisaxe. Todo isto, unido á fe e á espiritualidade que aínda envolve os numerosos conventos diseminados por estas terras, fai deste canto de Galicia unha aposta segura para os sentidos. Hai que adentrarse nesta atmosfera máxica para coñecer un lugar tan especial como Santo Estevo de Ribas de Sil, en Nogueira de Ramuín, (Ourense), antigo convento cuxo edificio foi totalmente rehabilitado e integrado na rede de Paradores. Outro dos conventos digno de visitar é o de San Pedro de Rocas (século VI), en Esgos, (Ourense), un templo escavado en rocha viva. Ao entrar na igrexa a sensación é moi similar á de estar nunha cova primitiva. Rodeando o templo, se descubren sepulturas antropomorfas ás que a pedra, a chuva

acumulada e o lique dan un verniz máxico. Hai moito máis nas ribeiras do Miño e do Sil, como as igrexas de San Paio de Diamondi, no Saviñao, (Lugo) e a de San Miguel de Iré, en Pantón, (Lugo); os mosteiros de Santa Cristina de Ribas de Sil, en Parada de Sil, (Ourense); Santo Estevo de Ribas de Miño, no Saviñao; o de Santa María de Montederramo (Ourense); o castelo de Castro Caldelas (Ourense); o mosteiro cisterciense das Bernardas, en Pantón, (Lugo); o colexio dos Escolapios e o mosteiro das Clarisas, en Monforte, (Lugo) ademais do parador e da torre do homenaxe.

Pero non todo é patrimonio arquitectónico na Ribeira Sacra. A súa paisaxe, formada por bosque autóctono, é o lugar ideal para que os amantes da natureza poidan percorrer distintas rutas. Outra parada na estrada Monforte

sonantes saltos. En Parada de Sil están os “balcóns de Madrid” dende os que se aprecia a espectacularidade dos canóns colgados sobre o baleiro. En fronte, ao outro lado do río, a igrexa de Cadeiras, en Sober (Lugo) zona na que hai oito miradoiros sobre o Sil cara á provincia de Ourense.

Ruta do viño

Ao falar de Ribeira Sacra tamén hai que citar o viño. A paisaxe está marcada polos coñecidos “socalcos” ou “pataos”, viñedos en bancais situados nas abas das montañas. Os seus viños forman parte dunha das cinco denominacións de orixe vinícolas que existen en Galicia. A ruta do viño da Ribeira Sacra esténdese polos concellos de: Portomarín, Paradelá, O Saviñao, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas do Sil, Taboada, Chantada, Sober e Carba-

lleda na provincia de Lugo e A Peroxa, A Pobra de Trives, Manzaneda, A Teixeira, Castro Caldelas, Parada de Sil, San Xoán de Río e Nogueira de Ramuín na provincia de Ourense. Trátase dun territorio marcado pola presenza dos ríos Miño e Sil, pero enchido de ríos menores. Definen a paisaxe as abas dos ríos cubertas de viñado en bancais, os canóns dos ríos e as numerosas igrexas e mosteiros espaxados por todo o territorio, de aí o nome de Rivoira Sacra. É esta unha visita rápida á Ribeira Sacra onde o espírito acada a paz tras percorrer os seus montes máxicos, nos que a natureza salvaxe e a fe conviven en perfecta harmonía. Guiados polas beiras do Miño ou navegando polos canóns do Sil, descubrese cantos inaccesibles por terra onde se esconden auténticas xoias medievais entre os viñedos que fan destas paraxes un lugar moi próximo.



■ En Montederramo preparan a XX edición da Feira da Carne, o 12 de outubro, a máis importante do ano.



Adega Jorge Folgado González
Teléfonos: 606 807 897 - 606 047 602
Abeleda - A Teixeira (Ourense)
adegavella@terra.com



Casa El Vira
Chuletón de vaca,
Xarrete estofado con castañas,
Fajitas con ameixas,
Cordero ao forno, Condeiro asado.

A Xunta recibiu os informes técnicos para a candidatura a Patrimonio da Humanidade

A Xunta recepcionou os informes técnicos entregados polas deputacións de Ourense e Lugo e o Valedor do Pobo en relación á candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

Por: Jesús Losada

O acto celebrouse no mosteiro de San Pedro de Rocas (Esgos, Ourense), no mesmo lugar no que en setembro de 2013 asinou o convenio de colaboración para o impulso conxunto da candidatura. O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, recolleu o material elaborado polo equipo de técnicos seleccionados polo Valedor do Pobo e financiado polas Deputacións de Ourense e Lugo, co compromiso de iniciar os trámites preceptivos para completar se fose o caso e validar o expediente. O conselleiro explicou que o seu departamento estudará pormenorizadamente a documentación recibida, composta por unha memoria científica de base para a candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural supervisará o contido da documentación. Román Rodríguez afirmou que "se trata dun importante traballo multidisciplinar que agora cómpre analizar para adaptar dun xeito idóneo os requirimentos legais establecidos no eido do patrimonio cultural". O conselleiro confirmou que o goberno autonómico "iniciará agora o camiño administrativo para conseguir o recoñecemento da Ribeira Sacra como ben da humanidade", "pois -dixo- estamos nunha contorna singular, tanto pola súa paisaxe como pola riqueza patrimonial, e que ten tamén unha fonda tradición de ocupación humana cunha das paisaxes construtivas máis diferenciadas do mundo, como é o traballo que fixeron os habitantes da Ribeira Sacra para adaptarse á natureza e cultivar a vide nas pen-



■ Juan Carlos Armesto, José Julio Fernández, Manuel Baltar e Mario Rodríguez, escoitando ao conselleiro de Cultura, Román Rodríguez.

dentes, construíndo un sistema de bancais que é practicamente único no mundo para colleitar un produto como o viño da Ribeira Sacra que conta con denominación de Orixe".

Unidade

José Julio Fernández, Valedor do Pobo, remarcou que é de xustiza "que a humanidade recoñeza o valor da Ribeira Sacra e tamén que o goce, porque a singularidade desta contorna así o merece". No mesmo senso, Juan Carlos Armesto, deputado de turismo en Lugo, dixo que a Ribeira Sacra "máis aló do seu patrimonio, a súa paisaxe e o seu viño ten un valor máis que engadir: a unidade, pois 21 concellos, dúas deputacións, empresarios e a cidadanía da contorna estamos xuntos neste proxecto para que a Unesco e o mundo nos outorguen ese galardón".

Manuel Baltar, presidente da Deputación de Ourense, agradeceu a presenza de todas as institucións "para dar entre todos un paso máis, coherente co que puxemos en marcha en 2013, cando tiven oportunidade de convocar aos alcaldes dos municipios ourensáns da Ribeira Sacra para anunciarlles que íamos relanzar a candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial". Baltar subliñou que esa coherencia tamén a amosou a Deputación de Lugo ao aprobar a mesma moción ca Deputación de Ourense coa unanimidade de todos os grupos políticos, e despois coa sintonía do goberno autonómico e do Valedor do Pobo ao coñecer que tiñamos interese en que este coordinara os traballos técnicos que xustificaran cientificamente a presentación da candidatura". Baltar pediu "máxima celeridade" á Xunta

de Galicia "para que pronto poidamos celebrar esa distinción, que será un recoñecemento internacional de algo que para nós xa é patrimonio mundial, esta fermosa Ribeira Sacra. Estamos aquí, no mosteiro de San Pedro de Rocas, onde hai máis de 1.500 anos xa había vida intelixente e onde cada ano son máis de 40.000 os turistas que visitan este monumento, berce da Ribeira Sacra". Remarcou que entre Ourense e Lugo non hai límites provinciais, "é un todo, un conxunto, e paga a pena todos os esforzos que empreguemos para acadar ese recoñecemento". Agradeceu a implicación de todas as institucións e o labor do equipo multidisciplinar, "que puxo á nosa disposición o Valedor do Pobo, porque nesta tarefa estamos implicados ata o final", e rematou pedindo que sigamos todos "con esa mesma cohe-

rencia e consenso porque esa unanimidade fará que chegue o recoñecemento para que a Ribeira Sacra sexa o que xa é: Patrimonio Mundial".

Solicitud de BIC

Trala entrega da memoria científica, o paso seguinte será a solicitude de expediente de Ben de Interese Cultural (BIC) por parte da Consellería de Cultura. Os traballos técnicos foron desenvolvidos por expertos nas áreas temáticas de: Produción agrícola e formas de cultivo; Xeografía física; Edafoloxía; Botánica; Patrimonio cultural (Historia, Historia da Arte, Arqueoloxía, Arquitectura e Antropoloxía); Economía aplicada e Produción vitivinícola. O documento enviarase agora ao Ministerio de Cultura para a súa presentación polo Reino de España -unha vez aprobada polo Consello do Patrimonio Histórico Español- ante o Centro de Patrimonio Mundial para que sexa avaliada polo Comité do Patrimonio Mundial. A candidatura define, describe e delimita o ben proposto, ademais de delinear a súa historia e acreditar un valor universal excepcional, especificando neste caso como dito valor vaise manter e salvagardar por medio da protección legal e da xestión dos recursos que testemuñan o dito valor; cal será o proceso de xestión e o sistema a desenvolver, así como quen vai participar no mesmo. A Xunta iniciará agora o proceso para a declaración de BIC, trámite fundamental para que a solicitude se eleve ao Goberno do Estado para que sexa debatida na Unesco cando corresponda.



Prato especial: Grimalleira
(Merz a probalot)

Restaurante Viñoteca



Tlfs: 982 19 87 17 - 630 33 35 79. Doade 79. Sober
Km. 12 estrada Monforte a Castro Caldelas

aCantina

desde 1947

Ribeira Sacra

O alcalde de Sober, elexido presidente do Consorcio de Turismo

Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober, foi designado por unanimidade presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra. O rexedor agradece o apoio dos 21 concellos participantes na reunión, así como do consello regulador da denominación de orixe Ribeira Sacra.

Guitián comprométese a facer un traballo serio e responsable para que o Consorcio siga sendo un dos organismos de referencia para a Ribeira Sacra e, sobre todo, para impulsar a candidatura ante a Unesco para que a zona sexa declarada Patrimonio da Humanidade. "Como alcalde de Sober asumo un novo reto no que procurarei que os nosos concellos estean á vangarda do turismo a nivel galego e nacional, ese será o meu compromiso irrenunciable, para o que comecemos a traballar desde esta mesma tarde".

O novo presidente do Consorcio agradece o traballo do anterior equipo, nomeadamente do presidente saínte, Juan Carlos Armesto, e da actual xerente, Alexandra Seara. O novo presidente comprometeuse ademais a estudar a proposta de que a sede se traslade a un lugar fixo, tal e como propuxo o rexedor de Monforte. Acordouse tamén remitir a todos os concellos e asociacións o material -elaborado polo equipo de técnicos seleccionados polo Valedor do Pobo e financiado polas Deputacións de Ourense e Lugo- sobre a candidatura a Patrimonio Mundial que se deu a coñecer en Esgos para que todos os interesados e interesadas poidan facer achegas e suxestións.



■ Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober, novo presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

Comisión de seguimento

Foi no centro cultural Parada Justel, de Esgos, onde se celebrou a sesión plenaria de organización do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra como corresponde tras as eleccións locais. No acto foi elexido vicepresidente do Consorcio José César Parente Pérez, alcalde de Nogueira de Ramuín (Ourense). A sede do Consorcio estará no Centro de Interpretación de Visitantes, de Sober. Logo de sesión plenaria, reuniuse a comisión de seguimento para a candidatura de Patrimonio da Humanidade. Nesta comisión acordouse ceder a presidencia á Deputación de Ourense. Na constitución desta comisión acordábase establecerse tres etapas de presidencia. 2014-2015: Consorcio de Turismo Ribeira Sacra. 2015-2016 Deputación de Lugo. 2016-2017 Deputación de Ourense. Por acordo das dúas comisións, e coa aprobación dos membros, decidiuse cambiar a orde prevista, e a etapa 2015-2016 será presidida polo presidente da Deputación de Ourense. Logo deste acordo, os profesores que interviñeron nos estudos para a elaboración da proposta de BIC (paso previo á formalización da candidatura), explicaron aos alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras presentes, os motivos da delimitación proposta que se someterá a un traballo cartográfico con máis detalle nos vindeiros meses.

CONCELLO DE MONTEDERRAMO

XXII FEIRA DA CARNE

12 outubro 2015





Tfnos. 988 29 20 00 – 988 29 20 72. www.concellodemontederramo.org

“A reunión de Feijóo e Candia foi unha auténtica tomadura de pelo” sostén o PSdeG

O voceiro provincial socialista, Darío Campos Conde, subliñou que “a reunión de Feijóo e a presidenta da Deputación, Elena Candia, foi unha auténtica tomadura de pelo cara os lucenses. Non abordaron ningunha das preocupacións dos veciños da nosa provincia”.



■ Alberto Núñez Feijóo recibiu a Elena Candia en San Caetano (Santiago).

Asegura o deputado socialista que Candia “non falou sobre Hemodinámica as 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear; sobre as prazas nas residencias públicas da Deputación que a Xunta si concede a entidades privadas; sobre os cartos que o Goberno galego adebeda aos lucenses en materia de servizos sociais e políticas activas de emprego; sobre o primeiro centro de recría de gando vacún público en España ou sobre as 49 peticións dos cidadáns ao Executivo autonómico nos Presupostos Participativos”. “Candia calou e voltou coas mans baleiras. Non exerceu de presidenta da Deputación de Lugo, posto que non defendeu os intereses dos veciños desta provincia, senón que exerceu de delegada da Xunta, compe-

tindo coa desaparecida Raquel Arias, ao permanecer calada sobre as preocupacións dos lucenses e sobre os proxectos do organismo provincial”, salientou Campos Conde. “Agora en-

A lealdade institucional de Feijóo, que durante 8 anos non respondeu ás reiteradas peticións de Besteiro para abordar conxuntamente os verdadeiros problemas dos lucen-

“Agora entendemos por que Feijóo non quixo reunirse con Besteiro durante oito anos”

tendemos por qué Feijóo non quixo reunirse con Besteiro durante oito anos. Non o fixo porque non ten nada que ofrecer aos lucenses, non ten proxecto algún para Lugo” remarcou. O voceiro engadiu que “din que falaram de lealdade institucional. A que lealdade se refiren?

ses e darlles solución?. Ou a lealdade institucional de Elena Candia, que paralizou obras que o goberno progresista da Deputación deixou en fase de contratación para mellorar os accesos viarios provinciais a praias de concellos da Mariña de todas as cores políticas?”

Dez cartas e reclamacións

Gómez Besteiro enviou a Núñez Feijóo ata dez cartas, solicitándolle un encontro, onde e cando quixera, no que abordar as principais preocupacións dos lucenses. Feijóo nunca respondeu, vetando esta reunión con Besteiro. “É unha vergoña que, durante oito anos, Feijóo non quixera falar con Besteiro sobre as preocupacións dos lucenses, discriminando, claramente, aos veciños desta provincia só por intereses partidistas, posto que agora si recibe a Candia”, salientou Campos Conde. As reclamacións que o Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo trasladou a Feijóo durante este tempo foron, entre outras, as seguintes:

Dotación inmediata no Hula dos servizos públicos de Hemodinámica 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear. Lugo segue a ser a única provincia galega sen estas prestacións. “Candia non preguntou a Feijóo sobre a proposta que lle fixo o Goberno progresista de Gómez Besteiro de financiar dende a Deputación de Lugo a posta en marcha de Hemodinámica 24 horas no Hula, e o presidente da Xunta nunca respondeu a esta iniciativa do PSOE”, remarcou o voceiro socialista. Sinatura dos convenios de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia para cofinanciar os servizos sociais e políticas activas de emprego na provincia. Son os convenios que Feijóo asinou coas restantes Deputacións galegas, achegando máis de 25 millóns de euros ás provincias da Coruña, Pontevedra e Ourense, e que vetou á de Lugo. Concertar prazas públicas nas residencias públicas da Deputación de Lugo, que a Xunta leva ano negando mentres si llas concede a centros de iniciativa privada. Dende 1977, a Xunta de Galicia con concerta prazas en residencias públicas da Comarca de Lugo. Dar resposta ás 49 peticións que os veciños fixeron á Xunta durante a elaboración dos Presupostos Participativos, e que o goberno de Gómez Besteiro lle trasladou a Feijóo. Estas son, entre outras, e a maiores dos servizos para o Hula, as seguintes: residencias públicas da terceira idade na comarca de Lugo, en Becerreá e en Mondoñedo; un plan urxente para poñer en valor o antigo Hospital Xeral; plans de impulso do Camiño de Santiago e declaración oficial do Camiño de Inverno e da Costa; impulso do Plan Parada; posta en marcha das actuacións da Rolda Leste; remate dos Corredores da Costa e de Monforte; medidas en impulso do sector primario e do rural e posta en valor do sector forestal.

Mariña Luguesa

O PP paraliza obras de 170.000 euros en estradas de acceso ás praias

O voceiro provincial socialista, Darío Campos Conde, denunciou e demostrou con documentación oficial que o Goberno do PP na Deputación de Lugo decidiu, “arbitrariamente”, paralizar obras en estradas provinciais que fan de acceso a praias de toda a comarca mariñá.

“É un verdadeiro ataque á Mariña, pois a decisión arbitraria dos populares afecta a areas das zonas Oriental, Occidental e Central da Mariña, prexudicando á economía, ao turismo e á imaxe de toda a comarca, nun momento, como o verán, no que estamos a recibir a miles de visitantes”, remarcou. Campos Conde explicou que o Goberno progresista de Gómez Besteiro na Deputación de Lugo aprobou na xunta de goberno do 15 de maio un plan de obras para mellorar accesos viarios provinciais a praias de toda a comarca por valor de 401.216 euros e en resposta ás peticións dos veciños nos Orzamentos Participativos de 2015. “Sen facer distinción algunha, acordamos mellorar o firme aglomerado en quente, reforzar a sinalización e limpar cunetas nun total de 6,57 quilómetros de 6 vías provinciais que fan de acceso a outros 6 areas en Barreiros, Foz, Ribadeo, O Vicedo e Viveiro, é dicir, en Concellos de todas as cores políticas”. “Aprobadas estas actuacións, polo tanto, co visto e prace do Servizo de Intervención e o orzamento necesario para a súa execución; as obras xa estaban en fase de contratación. Pero, sen xustificación válida algunha, pois hai presuposto e ata dédeba financeira cero grazas á boa xestión do Goberno de Besteiro na Deputación, o Executivo popular de Candia paralizou obras de 170.000 euros, concretamente, as das melloras aos accesos ás praias dos Castros, en Ribadeo; Llas, en Foz; e Abrela, no Vicedo, aínda que neste caso a estrada é de Viveiro, polo que a decisión arbitraria do PP afecta a este concello”.

Explicacións

O voceiro engadiu que “Candia debe explicar aos veciños da comarca, aos mariñáns que pediron estas obras durante a elaboración dos Presupostos Participativos da Deputación para 2015, por qué frea obras en Ribadeo, Foz e Viveiro, mentres decide continuar coas de Barreiros e O Vicedo. En que se baseou para tomar esta decisión?”. A Xunta de Goberno do



■ O voceiro provincial socialista, Darío Campos Conde, acompañado de compañeiros do PSOE na Mariña Luguesa.

15 de maio aprobou o seguinte plan de obras: LU-P-0610, que dá acceso ás praias de Altar, Reinante e Os Castros, no Concello de Barreiros, no tramo comprendido entre os puntos quilométricos

cos 0,178 e 0,464. Anulada polo goberno popular de Candia.

LU-P-5206 e LU-P-5208, que supoñen dous accesos diferentes á praia dos Castros, en Ribadeo. No caso da primeira delas, actuarase

2,070 e 3,440, ao que hai que engadir o propio ramal de acceso á praia, sumando uns 1,5 quilómetros. O importe da mellora neste caso é de 90.942 euros. Continúa a contratación do goberno de Besteiro. LU-P-6412, que une Viveiro coa praia de Abrela no Vicedo. O tramo obxecto de actuación é o comprendido entre os puntos quilométricos 0,150 e 1,175, no Concello de Viveiro, cun orzamento de 60.048 euros. Deste xeito, completábase a mellora total da vía, posto que no tramo do Vicedo xa se actuara no seu momento. Anulada polo goberno de Candia.

Paralizacións do PP

Campos Conde salientou que “está é unha mostra máis da paralización á que o Goberno do PP mantén sometida á Deputación de

Lugo, en detrimento dos veciños, do emprego e da economía da nosa provincia. Dende que chegou á Presidencia, Candia só se adicou a cambiar pechaduras no organismo provincial e a paralizar proxectos de xeito totalmente partidista. Primeiro, foi a exposición de ferreiros na Fonsagrada, que decidiu non levar; logo retirou as máquinas do Parque Móvil Provincial que estaban a arranxar vías municipais de Láncara e Lugo, entre outros concellos. Simultaneamente, freou o Ben Empleado II, bloqueando a creación de 306 empregos de calidade en 288 empresas e asociacións da provincia. Agora, suprime 4 das 6 obras de mellora en accesos provinciais ás praias da Mariña que deixamos listas para a súa execución, prexudicando, gravemente, á comarca” salientou.

“hai presuposto e ata dédeba financeira cero grazas á boa xestión do Goberno de Besteiro”

4,450 e 7,450. O orzamento é de 142.321 euros. Continúa a contratación que iniciou o goberno anterior en resposta ás peticións dos veciños. LU-P-2011, de acceso á praia de Llas dende Marzán, no Concello de Foz, cunha inversión de 39.098 euros para a mellora do treito entre os puntos quilométricos

entre os p.k. 0,206 e 0,906; no caso da segunda, do p.k. 0,000 ao 0,655. Son en total 1,55 quilómetros en cuxa mellora investiranse 68.804 euros. Anulada polo goberno popular de Candia. LU-P-6405, que dá acceso á praia de Xilloi, no Concello do Vicedo, entre os puntos quilométricos

Aumentan os turistas europeos

O Instituto Nacional de Estatística, nun informe relativo ao número de viaxeiros e noites rexistrados nos establecementos hostaleiros do país, indica que Ourense recibiu máis de 24.000 visitantes no mes de xuño de 2015.

Desde 2011 non se acadaba unha cifra similar na provincia e algúns hoteis xa estiveron completos en varias ocasións desde que comezou o verán. As reservas para agosto seguen aumentando, aínda que moitos clientes optan por esperar a última hora, sobre todo si trátase de escapadas de fin de semana. Dos 24.050 visitantes que elixiron a provincia no mes de xuño, máis de 3.000 proceden do estranxeiro. A impresión dos responsables dos hoteis é que aumentou o número de turistas sobre todo de Inglaterra e Italia. Jessica García, do Hotel Altiana, indica que en xuño recibiron viaxeiros europeos e sobre todo de Portugal aínda que os portugueses veñen en maior afluencia no último trimestre do ano. Asturias, Aragón, Castela-León, Madrid e Galicia son as comunidades de orixe dos turistas de maio e xullo, informa Jessica. A previsión é que o turismo siga crecendo de cara ao mes de agosto, o mes vacacional por antonomasia. O Concello ampliou o horario da oficina que atende aos visitantes que se achegan á cidade. O mosteiro de San Pedro de Rocas en Esgos o de Santa María de Montederramo, o



■ Portugueses de Porto, nas Burgas.

castelo de Castro Caldelas, o parador de Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín), os remozados balcóns de Madrid e o mosteiro de Santa Cristina (Parada de Sil), son algunhas das ubicacións que elixen os turistas, sexa en viaxes organizadas ou individuais.

Turistas en xullo

Un grupo de portugueses de Porto chegaron a Ourense en xullo nunha viaxe organizada por Roma Tours (que fai tres excursións ao ano). Pola mañán visitaron a catedral, a igrexa de Santa Eufemia e as Burgas. Os 55 viaxeiros dedicaron a tarde a visitar a Ribeira Sacra e percorrer o río Sil en catamarán. Tamén se achegaron a Ourense desde Salamanca, os integrantes da asociación "Salamanca en la Vía de La Plata Camino de Santiago" con Camilo González Sánchez, de Alba de Tormes, como guía. De Lanzarote viñeron de vacacións Rafa, Adrián, Antonio, Nuria (que é de Lalín), Anuska, Aytami e Amaya. Xa antes fixeran viaxes a Galicia pero nunca a Ourense. Anuska conta as experiencias: "Paseando polas rúas velhas de Ourense, encontrámonos cunha taberna con encanto rexentada por Perico, un galego via-

xado polo mundo, que visitou as terras coelleiras, paseando polas súas costas, visitando as súas adegas e gozando das súas paraxes naturais. O noso grupiño de amigos, afeccionados ao bo viño e á boa gastronomía, compartimos un gran momento degus-

tando pratos típicos do lugar e visitando esta bela cidade. Non deixen de pasear as súas rúas. Iso si, a cambio deberán visitar a nosa encantadora illa, onde poderán degustar un gran viño nunha adega caseira El Rofero, no pobo de Tijano".



■ Salmantinos no Parque de San Lázaro.



■ Tinerfeños no casco vello de Ourense.





Tell. 988 37 09 52
info@hotelaltiana.com

Ervedelo, 14 - 32003 OURENSE • www.hotelaltiana.com



druida ROS
Rural Ocio Servicios

www.druidaros.com

Cada momento es una experiencia única





Alfonso Rodríguez Vázquez
c/ Rúa Nova 19 Luitra 32160
Ourense - ESPAÑA
649152780

Ribeira Sacra

O Consello Regulador presentou o novo material promocional

O material promocional do Consello Regulador con toda a información relativa ás adegas acollidas á denominación de orixe e ás marcas que se elaboran baixo o amparo desta, foi presentado nas instalacións do Centro do Viño en Monforte de Lemos (Lugo). A presentación realizouna José Manuel Rodríguez González, presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe, que expuxo as características do material e o grande esforzo realizado para solicitar información de todas as adegas pertencentes á denominación de orixe. Este material consta dunha Guía de Adegas e Viños completa e extensa con toda a información sobre a denominación de orixe: historia, turismo, variedades autorizadas, tipos de viño, fichas completas de adegas,.. onde aparecen todas

as inscritas e as marcas que comercializa cada unha delas. Tamén se reeditou un folleto máis simplificado e resumido onde cada unha das adegas se representa cunha única marca comercial. Outro documento que se elaborou como novidade é un Mapa de Ribeira Sacra onde se inclúen todos os municipios e lugares que pertencen ao territorio da denominación de orixe, ademais dun listado de adegas e a súa situación no territorio. Tamén forma parte do novo material promocional posters de paisaxes, libretas para anotacións e outros produtos de publicidade. Todo este material inclúe as coordenadas GPS e os códigos QR de todas as adegas, que facilitan ao interesado a localización de cada unha e que hoxe en día se consideran totalmente necesarios para estar ao día coas novas tecnoloxías.



■ José Manuel Rodríguez González, presidente do Consello Regulador.

Un documental relata “a heroica construción” dos encoros do río Sil

No mosteiro de Santo Estevo de Ribas do Sil (Nogueira de Ramuín) presentouse a longametraxe documental “Desafío do Sil” que relata a historia de Saltos del Sil.



■ Representantes de organismos que colaboraron na produción do documental.

O acto contou coa participación do presidente do goberno provincial, Manuel Baltar; o director do documental, Domingo Díaz; o director de Agadic, Jacobo Sutil, e o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Francisco Marín Muñoz. O proxecto, baseado no libro “A construción dos Saltos do Sil, 1945-1965” de Susana Chávarri, está subvencionado por Agadic e conta ademais con apoio da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, do Concello de Petín, da Deputación de Ourense e de Iberdrola. A historia do filme dátase no ano 1945, cando chega á cunca do río Sil un grupo de xóvenes enxeñeiros co obxectivo de proxectar e construír os saltos hidráulicos, para os que a empresa Saltos del Sil tiña concesións. Os traballos foron moi complicados pola escaseza de medios cos que contaron,

e tamén polas dificultades de acceso ás comarcas nas que traballaban. Dun xeito case heroico este equipo logrou construír presas que polo seu deseño foron pioneiras en Europa e consolidar unha empresa referente polos seus logros industriais e sociais. A construción destas presas supuxo un cambio radical para os habitantes das comarcas nas que estaban situadas, modificando totalmente a sociedade rural, case autárquica, ao introducir a produción industrial, o salario fixo e os beneficios sociais. No acto proxectáronse imaxes do documental do ano 1964 “Por la cuenca del Sil”, dirixido por López Heptener.

Proeza industrial e social

O documental, con guión de Domingo Díaz e Gabriela Amor, está

baseado na historia de Saltos do Sil, unha empresa que xorde no ano 1945 formada por un grupo de novos enxeñeiros que foron capaces de construír presas pioneiras en Europa. Os traballos foron moi complicados pola escaseza de medios e pola dificultades de acceso aos lugares que acollían a actividade, mais acadaron consolidar unha compañía referente polos seus logros industriais e sociais, ao tempo que a súa presenza supuxo un cambio radical para os habitantes da zona, ao introducir salarios fixos e beneficios sociais nunha sociedade marcadamente rural. A película porá en valor o esforzo, a perseveranza o traballo en equipo deses homes, que conseguiron facer proezas de enxeñería e levar a modernidade a todos os lugares polos que pasaron.

Visita de xefes de cociña de Alemaña

Unha delegación do prestixioso Club de Xefes de cociña de Alemaña formada polo seu presidente Guido Fritz e quince membros deste coñecido grupo, acompañados por reporteiros dunha televisión alemana, visitaron adegas e viñedos de Ribeira Sacra. Tamén cataron os diferentes tipos de viño que se elaboran baixo a denominación de orixe, brancos e tintos. Durante a visita estiveron acompañados pola técnica do Consello Regulador, Ruth Fernández Vidal, que os informou sobre os tipos de viño e as formas de elaboración que se dan en Ribeira Sacra. Vi-

sitaron viñedos onde comprobaron a particularidade da viticultura de montaña e coñeceron a singularidade da paisaxe e dos viñedos en bancais. Dende hai un tempo o público alemán está moi interesado nos viños de Ribeira Sacra. Recentemente unha televisión alemana realizou un documental sobre a paisaxe na denominación de orixe. Durante esta visita, que estivo impulsada por Ternera Gallega, o grupo de xefes de cociña estivo acompañado por un grupo de xornalistas que comentarán a viaxe nun programa gastronómico que se emitirá próximamente na televisión xermana.



■ Os cociñeiros alemáns posaron entre os viñedos

Casa Museo Manuel María: o legado dun poeta

O próximo 7 de setembro cúmprese un ano da apertura da Casa Museo Manuel María, en Outeiro de Rei (Lugo) na Terra Chá, que foi sempre coñecida como a Casa de Hortas.

Redacción. Fotos: Francisco Puñal Suárez

Nesa casa naceu o poeta, a quen estará dedicado o Día das Letras Galegas de 2016. Alí pasou a súa nenez, tivo os primeiros sonhos de adolescente, descubriu a lectura, escribiu os primeiros libros e nunca deixou de ser para él o seu espazo máis íntimo, o seu reino, o único paraíso posíbel.

A Casa Museo, que pode ser visitada sábados e domingos e que se atopa ao lado da casa do concello, da acollida ao importante legado cultural dunha das figuras máis destacadas da literatura galega.

O guía da visita a Casa Museo é Fran Rei, un estudioso da vida e obra de Manuel María, que co seu coñecemento e anécdotas, rememora o alí ocorrido de tal xeito, que sentimos coma se o autor nos acompañase nese momento.

No Segundo Convivio da Cultura Galega, celebrado en Outeiro de Rei e dedicado a renderlle homenaxe a Manuel María, o profesor universitario Manuel Ferreiro, ante a

Eis, pois: Bergantiños é Pondal, a Terra Chá é Manuel María. Para un e para o outro, Bergantiños ou a Chaira son a patria galega, a nación enteira. A partir da casa de Hortas, Manuel recoñeceuse na tribo, proxectou a ollada poética “en tanta inmensidade e tanto monte” e posuíu a terra a través dos seus nomes, debullando un tras outro os eidos nativos, que os chaíregos e os galegos todos coñecemos e recoñecemos a través da súa obra-mestra, case inicial, de 1954:

1

O monte é raso. Carqueixas. Máis alá unha terra moura a mourear.

Pobos sen serras! Fanegas de soidá!

2

Pobos humildes, ciscados pola Chá: Taboi, Cela, Mosteiro, Bonxe, Aguiar, Folgueira, Matela, Sobrada, Arcillá!



■ Detalles da vida e obra de Manuel María.

tumba do soado escritor, expresou o seguinte:

«Aquí jaz o que fora / noutro tempo cantor do eido noso». Este era o comentario que Pondal esperaba do camiñante que pasase a carón da súa sepultura, que el imaxinaba baixo un dolmen bergantiñán, ou nas esquivas gandas de Xallas, ou, se non, na Coruña. Nesta cidade instalouse o bardo a finais do século XIX e alí está efectivamente enterrado, ben perto de onde Manuel María pasou tamén os derradeiros anos da súa vida, cando, coas súas propias palabras, xa “gastara os outonos e entrara no propio inverno”.

E aquí está Manuel, no lugar onde a Terra Chá comeza:

Eu quero estar aquí, cos devanceiros, no irrenunciábel chao dos meus amores e acougar nesta terra eternamente.

Despois: Xustás, Ludrio, Ansemar, San Fiz, Arcos, Bendia, Couto de A, Loentia, Castro, Azúmara e Bazar...! Abadín, Rábade, Cospeito, Guitiriz, Castro de Rei, Xermade e A do Monte, Outeiro de Rei, Moncelos e Mondriz...! Támoga, Trobo, Lanzós e mais Begonte,

O Santo, Quintela, Rozas e Goiriz...! Cincuenta anos exactos entre o Muíño de brêtemas, édito en 1950, e a súa Obra Poética Completa, saída do prelo en 2001. Medio século a escribir, falar, explicar, conversar, conferenciar, reclamar, manifestarse, recitar, sempre ao servizo do proxecto común de redención nacional. Porén, tras de tempos tempos veñen, e Manuel María estará hoxe feliz sabendo que o seu nome ficará para sempre ligado ao das Irmandades da Fala en 2016, cen



■ Casa Museo Manuel María, en Outeiro de Rei.

anos despois de que fosen capaces de erguer o primeiro gran proxecto colectivo da Galiza contemporánea. Igual que as Irmandades, tamén Manuel María acreditou decote na patria común, na lingua de noso, na nación que nos une, que resiste e persiste mentres as nosas vidas pasan...:

Todo o que vive múrchase ou devece vencido polo tempo traizoeiro.

Nós pasamos. A casa permanece.

A casa, isto é, a terra, a patria, a nación permanece...

Cerremos esta ofrenda lembrando, con Manuel María, neste Outeiro toponímico mais tamén real, que nos permite ollar máis lonxe:

Ollada a Terra Cha dende as alturas é semellante a un mar en calma.

Pra medila só valen dúas mensuras:

ferrados de corazón, fanegas de alma!

Son boas e xenerosas estas mensuras propostas polo poeta (“ferrados de corazón, fanegas de alma”) para o futuro que nos espera, pois, tal como o medievalista brasileiro Celso Ferreira da Cunha dixo en 1966, “sabemos, por larga e penosa experiencia, que criar uma pátria e dar-lhe projeção é tarefa que depende principalmente, ou, melhor, exclusivamente do nosso esforço”.

Sábelo ben ti, Manuel, que nos deixas a túa obra para que non o esquezamos. E está ben lembralo ao pé da túa sepultura, no teu Outeiro de Rei, na

...Terra Chá (que) comeza onde eu nacín.

E morre, cunha agonía longa e tensa, nun lugar secreto e íntimo de min.



■ Mesa de traballo,

Guía gastronómica

Bar Orellas, un clásico na vella Auria

Por: Jesús Losada

O Bar Orellas naceu fai xa máis de 50 anos. Comezou a súa andaina nos baixos do actual Teatro Principal, e as súas tapas en Ourense, os seus pinchos de orella de porco e as súas cuncas de viño do Ribeiro foron collendo unha fama sen igual. A

especialidade da casa, sen dúbida, eran esas orellas de

porco, cachucha de porco e lacón cocidas e prensadas na casa, dándolles este toque caseiro que ninguén en Ourense sabía darlle aos produtos de porco. Na actualidade o local encóntrase en plena Praza do Ferro, lugar de encontro emblemático no casco vello ourensán. No Bar Orellas continúan cociñando co mesmo esmero e con ese "segredo" especial que lle fixeron tan populares tras máis de medio século servindo as mellores orellas de porco de Ourense. A carta amplíase con embutidos ibéricos, queixos manchegos, frescos e de Arzúa, anchoas

do Cantábrico e moitas outras delicatесen que completan a oferta dun lugar



■ A cociñeira no seu posto de traballo.



■ Paco, entrevistado por V Televisión para un programa que se emitirá en setembro.

de paso obrigado calquera tarde de peteirada polo casco antigo da vella Auria. "Nos caracterizamos pola nosa calidade na cociña galega e polo bo servizo que os nosos clientes reciben", asegura Paco o xerente. "No noso bar, de porcións con soleira, ofrecemos os seguintes pratos típicos: Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo

prensados. Petiscos económicos dende 1.50 €. Ademais ofrecémoslle unha ampla táboa de ibéricos e queixos, todo regado co mellor viño e augardente", sostén Paco. Enderezo: rúa Santo Domingo, 2. Ourense 32003. Correo: info@barorellas.com. Teléfono 988 372 559. Móbil 606 914 050.



Condado



■ Instalacións municipais Gardería infantil.

O Partido Popular urxe a instalación de biomasa para o Centro Social e Gardería Municipal

Con este sistema de calefacción por biomasa que se instalará en ambos centros municipais, conseguirase un maior aforro enerxético e minimizar a emisión de sustancias contaminantes á atmósfera

Na pasada lexislatura o PP solicitou dúas subvencións Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) dependente da Consellería de Industria para os equipamentos térmicos de biomasa para o Centro Social e a Gardería Municipal, por máis de 44.000 euros.

Tratábase de conseguir un maior aforro enerxético e minimizar a emisión de sustancias contaminantes á atmosfera.

No pleno do 22 de maio aprobouse a primeira modificación presupostaria por 5194 euros, que correspondía a aportación municipal para a instalación da calefacción de

biomasa no Centro Social que contaba cunha subvención do INEGA de 15.582 euros.

No pleno do 21 de xullo aprobouse unha segunda modificación presupostaria por 5.194 euros, que corresponden á aportación local para a calefacción de biomasa á Gardería Municipal que, xunto coa subvención de 17.712€, fan o custe total desta instalación (20.776 euros).

Polo tanto, unha realizadas todas as xestións pertinentes o PP insta ao goberno local a licitar urxentemente estas instalacións xa que os prazos para executalas e xustificalas remata o 30 de setembro.



■ Instalacións municipais Gardería infantil.

As Comunidades de Montes de Mos, Porriño, Ponteareas e Salceda participarán nun proxecto piloto de relacións coa administración

Os comeneiros e a alcaldesa mosense reuníronse co secretario xeral do Medio Rural e Montes, Tomás Fernández-Couto Juanas



O mércores pola tarde reuníronse no Pazo de Mos o secretario xeral do Medio Rural e Montes, Tomás Fernández-Couto Juanas, a alcaldesa mosense, Nidia Arévalo, e as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común dos distritos de Vigo-Baixo Miño e do Condado-Paradanta. Deste xeito estiveron presentes as xuntas directivas das Comunidades de Montes mosenses de Louredo, Mos e Petelos; xunto coa Comunidade de Montes de Santa María de Porriño, Xinzo de Ponteareas, Ribadetea de Ponteareas, Arnoso de Ponteareas e Parderrubias de Salceda de Caselas.

A do mércores foi a segunda reunión do ano que o secretario xeral mantén cos comeneiros dos dous distritos, e a ela asistiron tamén os dous respectivos xefes de distrito. A xuntanza perseguíu o obxectivo de fomentar e reforzar a comunicación entre a administración autonómica e forestal e os xestores dos montes dos Concellos de Mos, Porriño, Ponteareas e Salceda de Caselas.

Pola súa banda as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común solicitaron maiores facilidades en xeral e en particular á hora de xustificar subvencións e, así mesmo, trasladaron as súas problemáticas e inxedanzas que Tomás Fernández-Couto recolleu por escrito. Ademais o secretario xeral manifestou a súa preocupación polo risco de abandono no que se atopa o territorio forestal de Galicia e a urxencia de que este se recupere canto antes, polo que cómpre a mutua e

máxima colaboración entre administracións e comeneiros.

Durante a xuntanza programouse tamén unha próxima reunión coma a celebrada no Pazo de Mos, que terá lugar antes do remate do presente ano 2015.

Proxecto piloto

A rexedora local mosense, Nidia Arévalo, destacou a intención da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes de iniciar “un novo xeito de facer as cousas en materia de montes en man común, baseada nun maior entendemento, comunicación e flexibilidade dende a administración para cos comeneiros”. Deste modo a alcaldesa informou de que “as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común dos dous distritos de Vigo-Baixo Miño e do Condado-Paradanta serán protagonistas dun proxecto piloto co que se pretende axilizar, dinamizar e facilitar os trámites e comunicacións entre a administración autonómica e as Comunidades de Montes”.

É por iso que Arévalo eloxiou “a cercanía e a entrega” do secretario xeral do Medio Rural e Montes, proximidade e accesibilidade que quedan demostradas co feito de que a de onte fose xa a segunda reunión do ano cos dous distritos implicados na mesma.

Por último a alcaldesa de Mos concluíu o encontro manifestando a súa intención de “interceder en favor das Comunidades de Montes de cara a evitarlles demoras de xestión debidas a problemas burocráticos”.

Entrevista

“Non coincido co BNG nas prioridades”

Xoán Carlos Montes (Calis), alcalde de Mondariz

Nas últimas eleccións municipais produciuse un prequeno sutnami no Condado. A Paradanta librouse, por pelos, nesta ocasión.

Os concellos de Pontearreas, As Neves e Mondariz cambiaron de titular. As riadas do Tea chegaron aos Xardíns da Xiralda e á Praza do concello de Mondariz. En As Neves foi unha pequena enchenta do Miño quen fixo o efecto cambiante.

En Pontearreas xa houbera un intento que durou pouco máis de oito meses. Daquela as liortas internas da dereita permitirán ese pe-

queño ensaio. Agora, sen embargo, foron os veciños/as, coa forza dos seus votos, quen puxeron fin a unha especie de “monarquía municipal hereditaria”. Esperemos que os novos aires nos traian tamén novas maneiras máis consonantes coas novas realidades sociais. A sociedade está cambiando e, politicamente falando, os cambios deben comenzar polos concellos.

Hoxe falamos co novo alcalde de Mondariz que nos avanza as novas ideas que el ten de entender a “res publica”.

Por: Guillermo Rquez. Fdez.



Por que a Alternativa de Mondariz?

■ A Alternativa de Mondariz nace porque quere ser o único paraugas dos representantes dos veciños de Mondariz. A decisión de marchar do BNG é unha decisión de ideoloxía, de funcionamento e de organización. Había dúas opcións: irse para casa ou organizarse para traballar por Mondariz, para representar os veciños.

Significa que non compartes a ideoloxía do BNG?

■ Concorro co BNG en moitos puntos políticos pero non en prioridades. A prioridade son os veciños, non son os planteamentos dogmáticos, por dicilo dalgún xeito.

Ti coñecías o concello de Mondariz porque levabas anos dando guerra... sabías como estaba o concello ou encontrácheste con algunha sorpresa?

■ Nós tínhamos un coñecemento bastante profundo da situación, de como funcionaba o concello, pero non se pode obviar que foi ano de eleccións e polo tanto, tanto os

concellos coma outras administracións teñen máis manga ancha. Atopámonos con algunha sorpresa, pero nada que non sexa reconducible.

Pódese dicir que o concello de Mondariz está libre de débedas? Ou pásalle como a Pontearreas, Salvaterra, etc.?

■ O concello de Mondariz ten débedas asumibles que fará reflectir sobre o plano de saneamento ao mellor a dous anos. Os orzamentos do ano que vén están bastante comprometidos. De feito, neste pleno presentamos unha proposta de solicitude de adiamento á Deputación para facer fronte ás débedas e para algunha obra menor.

Ben, non conseguiches maioría absoluta, logo, ¿tiveches algúns problemas cos teus ex-colegas para conseguir a túa nominación como Alcalde e logo para facer goberno? Como se resolveu todo?

■ Non temos maioría absoluta, somos a forza máis votada nestas eleccións. No noso primeiro planeamento estaba moi claro que pre-

tendíamos un goberno estable e sólido pero unido, no que todos tiveramos participación.

A Alternativa fixolles unha proposta tanto ao BNG como ao PSOE, nas mesmas condicións. O PSOE acéptaa e sentámonos a falar, entra no goberno. O BNG decide que non; ese é o seu xeito de traballar... Nós esperamos que nestes catro anos as cousas se poidan reconducir; as portas estarán sempre abertas.

Pero para a elección de alcalde non houbo “chantaxes” doutros sitios?

■ Non, non, non; non houbo chantaxes. Houbo unha primeira toma de contacto con todos os grupos, inclusive o PP, antes da toma de posesión, onde se lles deu tanto ao BNG coma ao PSOE a posibilidade de facer parte do goberno, sen ningún documento, á tumba aberta. A resposta esperada era que decidiran se querían participar ou non e como querían facelo.

Dixeron que pasada a toma de posesión falaríamos. Pasada entón, fáiselle unha proposta por escrito aos dous (BNG e PSOE); o BNG responde que non acepta, aínda que non por escrito e o PSOE si, de tal xeito que temos un programa de mínimos para poder traballar. O que si está claro é que se trata dun goberno aberto, que todos teñamos opinións sobre todas as concellarías, non existen concellarías pechadas.

A postura do PP, que non esperaba perder a alcaldía....aceptouno ben?

■ Hai que dicir que o traspaso está sendo bastante correcto, sen malas intencións ou resentimentos por parte deles. Loxicamente, non lle sentaría ben perder as eleccións, é evidente pero non estamos sentindo como se houbera unha vendetta, de momento, pero levamos pouco tempo....

A oposición xa presentou algo importante?

■ Non, están máis á espera do primeiro pleno ao que todos levamos propostas menos o PP e os independentes “Mondariz somos todos”. Supoño que tamén estarán

buscando o seu sitio, aínda que aquí coñecemos todos.

Os de “Mondariz somos todos” sacou un concelleiro, non? Tam pouco quixo entrar?

■ Sacou si, e desde un principio dixeron que non querían formar parte do goberno. Presentáronse como partido veciñal, todos sabemos de onde vimos e onde vamos.

Entón, unha vez sentado na “Torre de Hércules” de Mondariz, de primeiras, xa con o Concello máis ou ben normalizado, que proxectos ten Calis para este ano 2015?

■ O Primeiro que temos que facer é atender as persoas. A primeira medida que adoptou este goberno foi facer unha compra importante para o banco de alimentos, para garantir que os rapaces/zas que deixaran de ir á escola, tiveran sustento nas súas casas, aumentando a contía das axudas para o próximo curso. É dicir, estamos a atender os veciños e as necesidades de primeira man. No proxecto cultural de este verán... tentamos sentar as bases coa participación doutras administracións para organizar os próximos catro anos.

Unha preocupación prioritaria será o saneamento integral de todas as parroquias, levar a cultura a todas as parroquias, que teñan todas espazos habilitados, recuperar o patrimonio e aunar a Mondariz no plano turístico, como Mondariz Balneario.

Na túa reunión coa Xunta...como viches o espírito desta xente?

■ Sendo honestos, a reacción foi boa. Xa tivemos dúas reunións: unha con Medio Rural e co concelleiro de Cultura; tratáronnos moi ben e a súa actitude é de colaboración entre administracións.

Pero, falastes de presupostos? Hai algún compromiso?

■ Hai si. Sobre todo coa de Cultura, hai varios presupostos e comprometéronse a estudar a situación, aínda que a situación da Xunta tampouco é moi boa. Leváronse documentos e propostas e estamos á espera de que a Xunta asuma o seu papel.

A propósito da proxección turística, como están as relacións entre os alcaldes de Mondariz e Mondariz Balneario?

■ A relación con José Antonio é moi boa porque defendemos os mesmos intereses os dous. O concello de Mondariz Balneario é un concello irmán e temos que ir da man.

E ti non pensas que estes concellos teñen que chegar a fusionarse?

■ Non; non vexo a necesidade, non ten sentido. Cada un ten moi arraigado o sentimento de terra, Galiza teno e non creo que sexa necesario ferir esas sensibilidades. Creo que as administracións deberían tomar nota disto, unha cousa é que nos fusionemos e outra é que compartamos servizos, aí si que a administración debería tomar parte.

Sendo así, que servizos comparte con Mondariz Balneario? E cales son os que faltan por compartir?

■ Neste momento, compartimos a gardería, a depuradora e o punto limpo. Quedaría por compartir a policía local, a recollida de lixo, o abastecemento de auga e convenios cunha proxección que nos beneficiaría a todos de carácter económico como de cara a ter máis servizos para os veciños.

Mondariz é a irmá pobre a nivel turístico...que ofrece?

■ Pode ofrecer o mesmo que Mondariz Balneario, con cadansúas características. Nós temos rutas de sendeirismo co traxecto máis longo do río Tea, máis patrimonio cultural e xeográfico, moito máis patrimonio vinculado á auga e o monte, etc. as posibilidades son infinitas. O problema non é que sexamos a irmá pobre, o problema é que nunca se explotou e nunca nos puxemos ao mesmo nivel. Agora chegamos o momento de compartir.

A Deputación ten un departamento para a promoción turística chamado “RIAS BAIXA”. Mondariz notou esa promoción?

■ Non, non notou nada. Eu como veciño de Mondariz, e non como Alcalde, non notei nada. Nin campañas publicitarias, nin campañas

de promoción, nin aproveitamento dos recursos, ata o de agora non se fixo nada.

E xa tiveches algún contacto coa Deputación?

■ Mañá temos a primeira reunión para a que fomos convocados. A partires de aí xa veremos. Presentarémolles as nosas necesidades e as formas de colaborar uns cos outros.

Parece que se quere resucitar aquel sindicato de alcaldes que había hai anos, reunístevos todos para repenicar o tema do transporte ao hospital. Como está este tema?

■ Eu non asistín, foi a miña primeira tenente de alcalde e a voceira do PSOE, Marina. Parece ser que foi moi produtiva porque todos os alcaldes coincidimos nesa necesidade de que a propia Administración Central e a Xunta, quen teñen as competencias, teñen que axilizar para axudar os veciños, non só de Mondariz, senón de todo o Condado-Paradanta. Que sexa un servizo de transporte áxil, rápido que deixe aos usuarios na porta do novo hospital

Non tocastes o tema do aparcamento dos veciños ao chegar alí, porque hai que pagar, non?

■ É privado, si. Non sei swi se traxou nesa reunión pero nós xa temos unha proposta do PSOE, en forma de moción para tratar no Pleno, solicitando a gratuidade dese parking. Non se pode facer negocio coa sanidade. A proposta do PSOE é para que se elimine o ca-

rácter privada do aparcadoiro.

A nivel educativo hai un Centro que alcanza ata a ESO, como se encontra o seu funcionamento?

■ Podemos presumir de que é uns dos centros mellor equipados, aínda que non deixa de ser un colexio rural o que dá garantías de proximidade, de control porque todos nos coñecemos e sabemos o que pasa aí dentro. Como edificio, necesita unha reforma que xa foi solicitada a Educación, por problemas de saneamentos pluviais e feais, porque a fosa séptica non absorbe tanta auga. A nivel de infraestruturas está bastante ben, ademais unha das prioridades do Concello é a colaboración, pero non só en tixolos ou pinturas, senón para implicarnos na educación dos nosos fillos, con medios, cooperando con programas...

Nese sentido de colaboración non vamos ter problema co corpo educativo. Só houbo un consello escolar para rematar o curso. En canto comece o novo, sentarémonos para escoitar as súas demandas e ver en que podemos axudar.

A Biblioteca que está alá un pouco afastada, vén para aquí ou non?

■ Vén si. Temos que recoñecer que é unha xestión feita polo goberno anterior. Tarde pero fixoa, hai que dicilo. Despois de oito anos pechada xa tocaba arranxala. Seguramente no mes de agosto empecen as obras para rehabilitala e despois quedanos enchela de libros, de contido, de mobiliario e de darlle



■ Plaza de España, Mondariz

vida. Non pode ser só un espazo para gardar libros, ten que ser un espazo vivo.

Falando de dar vida...que lle ofrece o concello de Mondariz aos rapaces de 14 a 20 anos?

Non temos oferta, aparte de que poidan xogar ao fútbol...pouquiño máis, aínda que a nosa intención é darlle vida nese sentido: crear aulas de informática, de audiovisuais...é dicir, un espazo onde se escoiten as súas demandas e con capacidade para satisfacelas. O concello ten predisposición para dar saída e cumprir as demandas, sempre que sexa posible.

Ainda que a maior parte dos alumnos do colexio non sexan veciños/as de Mondariz?

■ Ademais dos alumnos do centro

e das nosas parroquias, absorbemos nenos de O Covelo e inclusive nenos de Ponteareas, polo peculiaridade que ten o colexio de ser rural ata 4º da ESO.

A vella Escola Unitaria de Vilasobroso, cun preciosos edificio, agora encóntrase pechada. Que solución ten o novo goberno para este edificio?

■ E ademais está moi ben ubicado. No noso programa electoral xa presentabamos a posibilidade de facer alí unha gardería, que non necesariamente tiña que ser municipal, senón mesmo inter-municipal xa que está na N-120, ben situada a nivel orográfico; poderíamos abarcar tanto Ponteareas como Mondariz. É un sitio solleiro, con espazos públicos; un edificio extraordinario.


O Ministerio pasoullelo á Entidade Menor de Vilasobroso con quen o Goberno Local podería establecer acordos para o uso dese edificio.

Para o mes de agosto e setembro, a nivel turístico, que lle ofrece á xente este Concello?

■ Pois, pode disfrutar de todos os nosos sendeiros, (aproveito para informar que estamos traballando con Mouriscados para recuperar o sendeiro dos Muños ata San Xoán), con Queimadelos tamén recuperamos os seus sendeiros; botámoslles unha man para limpalos. Logo Mondariz en si, o núcleo urbano de Mondariz, é digno de visitar; a praia da Cernadela para darte un baño, a ponte romana, o castelo do Sobroso, que aínda que é de Ponteareas está en Mondariz e é de Mondariz, nos sentímolos como tal. Tamén hai moito patrimonio cultural, etnográfico, etc.

Se che dan a escoller, preferirías, para o Concello, un desenvolvemento máis industrial ou máis ecolóxico, máis verde, con boas comunicacións?

■ Non son pretensións incompatibles. Nós apostamos por un Concello para que o gocen os nosos veciños e visitantes. Sen embargo non é incompatible ter unha pequena área industrial para darlle servizo aos pequenos empresarios, onde poidan instalar calquera tipo de industria, en condicións beneficiosas para a empresa e para o concello, respectando, obviamente, as normas medioambientais e de salubridade correspondentes.



IBM ABOGADOS

VIGO

C/ Colón, 18 - 4ºB

36201

Tlf.: 986 421 457

Fax: 986 421 479

vigo@ibmabogados.com

MADRID

Avda. de La Castellana, 228 - 5º Izq. 28046

Tlf.: 913 159 828

Fax: 913 159 828

madrid@ibmabogados.com

PORTO

Avda. Boavista, 280 - 5º E/C

4050-113

Tlf.: 00 351 226067465

Fax: 00 351 226000166

porto@ibmabogados.com

PONTEAREAS

Avda. de La Constitución, 16-1º

36860

Tlf.: 986 640 164

Fax: 986 660 971

ponteareas@ibmabogados.com

WWW.IBMABOGADOS.COM

Condado

As pessoas 'Migrantes' protagonizam o XXIX Festival da Poesía no Condado

O encontro celebra-se em Salvaterra de Minho nos días 4 e 5 de setembro. Atuam Caxade, Ataque Escampe, Pega Monstro, Festicultores ou Cuarteto Caramuxo.

A Sociedade Cultural e Desportiva (SCD) do Condado rematou este mês de pechar os últimos detalhes do que será o XXIX Festival da Poesia. Um programa multidisciplinar no que todas as actuações e intervenções vam estar vertebradas polo protagonismo das pessoas 'Migrantes'. O XXIX Festival da Poesia no Condado será nos días 4 e 5 de setembro em Salvaterra de Minho.

Baixo o lema 'Migrantes' participam diferentes iniciativas e projetos sobre a emigração e a imigração. A SCD do Condado apresenta múltiples manifestações culturais e sociais relacionadas com a defesa dos direitos das pessoas migrantes e com a denúncia das causas deste fenómeno (económicas, políticas, pessoais). O Festival da Poesia quiere ser um ponto de encontro para a defesa da liberdade de todas as pessoas a traspasar fronteiras e do direito coletivo dos povos a se relacionarem em igualdade.

Sexta-feira: inauguração e Noite nas Minas

O XXIX Festival da Poesia começa na sexta-feira, 4 de setembro, às 19:30. A primeira atividade será umha projeção de curtas-metragens seleccionadas polo Cineclube de Compostela

e que tenhem como fio condutor a imigração. Às 21:00 inauguram-se as exposições. O fotógrafo Xosé Quiroga traerá as suas imagens e experiência nos Centros de Internamento de Imigrantes. Gabriel Tizón, também fotógrafo, apresentará o livro e a mostra de imagens 'Realidades Cercanas'. Por último, apresenta-se o projeto Videocartas Galiza-Berlín, sobre pessoas emigrantes filhas de galegos e galegas emigrantes retornadas.

Entrada a noite, às 22:00, começa a Noite nas Minas. Abre-a o poeta e tradutor Isaac Xubín, que recitará os textos do escritor basco Joseba Sarrionandia. As ideias da morrinha e do sentimento de pertença também estarán presentes, a través do tratamento do tema do exílio (situação na que se atopa o autor depois de fugir do cárcere). A parte musical estará protagonizada polo Cuarteto Caramuxo. As entradas 10 euros (8 para pessoas desempregadas) e podem reservar-se escrevendo a info@scdcondado.org ou ligando para o 646 959 587. Ao remate a animação continua no exterior das Covas de Dona Urraca: servirá-se um caldo verde e atuarán as Malfoliadas e o DJ Sutta Enki Dub.

Sábado cheio de atividades

O Festival da Poesia arrinca na manhã do sábado com um passa-ruas com

Punkiereteiras, um Aberto de Bilharda organizado pola LNB (Liga Nacional de Bilharda) e a feira de coletivos e artesanato. Desde a manhã funcionará também o comboio de baixa velocidade.

Às 12:00 apresenta-se o projeto 'A vila é puro teatro', da associação As Brétemas de Ponte Areias, e às 13:00 começa a Mesa Redonda sobre o tema das migrações. Intervenhem o Xosé Quiroga (fotógrafo, falará sobre os CIEs), Susana Beatriz (do Foro Galego de Inmigración) e Paula Monteagudo (do coletivo de pessoas emigrantes Voltar à Terra).

Na tarde, o movimento volta às 17:00 com a Festa Infantil, na que Fran Amil apresenta 'Chuches Amil'. A seguir, Xurxo Souto falará do seu livro 'Contos do mar de Irlanda', onde trata outro jeito de migração temporal, o das pessoas embarcadas -desde as 18:00-. As atividades de tarde pecham-se com a projeção, desde as 19:00, das curtas premiadas no Festival de Cans.

E às 20:00 inicia-se o prato forte do encontro: o Festival Poético e Musical. Apresentado por Esther Carrodegas, abre-o Miguel Fernández, do Foro Galego de Inmigración, lendo o limiar que preparou para a Antologia Poética do XXIX Festival da Poesia. No apartado de poesia, a SCD do Condado contará com Alba Cid, Augusto Fontán, Alexandre Ínsua, Lara Rozados, Isabel Blanco-Rivas, Rosalía



Morlán, Eduard Velasco e M^a José Fernández, ademais dos bascos Jon Benito e Xabi Borda e do português Alexandre Sá. Também haverá presença portuguesa

na parte musical, graças às Pega Monstro e ao duo de DJs que pecha o Festival da Poesia: os Irmãos Makossa. Antes, atuam Caxade, Ataque Escampe e os Festicultores.

Semana Gastronómica da **Lamprea Seca** *en Arbo*

Do 1 ata o 9 de Agosto 2015

25 €

(IVA ENGADIDO)

EMPANADA DE LAMPREA
LAMPREA RECHEA CON SALPICON
LAMPREA SECA AFUMADA CON FIDEOS E GUI SANTES
POSTRE: REQUESÓN CON MEL
(opcional outro postre do restaurante)
CAFÉ

Menú 1

30 €

(IVA ENGADIDO)

EMPANADA DE LAMPREA
LAMPREA RECHEA CON SALPICON
LAMPREA SECA ASADA OU FRITA (a criterio do restaurante)
LAMPREA SECA AFUMADA CON FIDEOS E GUI SANTES
POSTRE: REQUESÓN CON MEL
(opcional outro postre do restaurante)
CAFÉ

Menú 2

BEBIDAS NON ENGADIDAS
MENÚS CON RESERVA PREVIA

Restaurantes Colaboradores:

RESTAURANTE OS PIRUS

Tel.: 986 66 34 71 - Enderezo: Chan (Arbo)

RESTAURANTE MESÓN DA LAMPREA

Tel.: 986 66 54 89 - Enderezo: Iglesia 1 Cabeiras (Arbo)

RESTAURANTE A VILA

Tel.: 986 66 34 70 - Enderezo: A Vila (Arbo)

RESTAURANTE CASA BARCIA

Tel.: 986 66 57 76 - Enderezo: Estación (Arbo)

CASA GRANDE LA ALMUIÑA

Tel.: 986 66 49 09 - Enderezo: Almuiña 1 (Arbo)

RESTAURANTE CASTRO

Tel.: 986 66 52 40 - Enderezo: Antonia Tobar 53 (Arbo)

Organiza:



Concello de Arbo

Colabora:



Deputación
Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA



Ponteareas

Ponteareas presenta a programación cultural de verán “máis ampla dos últimos anos”

Cine, deporte, música, andainas, mostras e animacións infantís para un programa que busca recuperar a rúa como escenario principal das actividades



■ O Alcalde José Represas e a Concelleira, Hortensia Bautista

O Concello de Ponteareas presentou este martes, 21 de xullo, a programación cultural que se desenvolverá durante os meses de xullo e agosto na vila do Tea. A concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, acompañada polo alcalde, Xosé Represas, foi a encargada de facer público “un conxunto de actividades que terán a rúa como escenario prioritario”.

A programación está pensada e deseñada para todos os públicos. Cine, deporte, andainas, mostras e animacións infantís amosan o carácter aglutinador dun programa que, “como non podía ser doutra maneira, terá a música como elemento principal”. Dende a concellería de Cultura traballouse coa vontade de “ofrecer a moitos músicos e artistas locais a oportunidade de darse a coñecer a través desta programación, ademais de non esquecer o compromiso coa tradición, tal e como queda demostrado coa terceira edición do Festival Groba, organizada pola Fundación Rogelio Groba entre os días 8 e 14 de agosto e que contará cun concurso para novos violinistas”.

Bautista definiu a programación como “ampla e necesaria, pois as rúas durante o verán en Ponteareas estaban practicamente baleiras e con este plan o que queremos é encher a rúa con actividades”. A edil ponteareá quixo salientar a posta en marcha de actividades como “Coñece Ponteareas”, que permitirá que “aqueles veciños e veciñas que se instalaban hai pouco na nosa vila poidan coñecer un pouco máis o patrimonio natural e histórico da mesma grazas a andainas que percorreren o casco urbano e parte das parroquias do municipio”.

A cuarta edición do Festival de Jazz, que terá lugar os días 21 e 22 de agosto e que contará con máis de vinte actuacións diferentes; a primeira do Festival Internacional “Danzando entre culturas”, que se celebrará o vindeiro 2 de agosto; e a exhibición de skate e grafitis, que se celebrará o 28 de agosto, destacan entre un rico conxunto de actividades que procura ser “útil para o comercio e hostalería da vila, pois son os sectores que máis emprego crean no municipio”, tal e como afirmou o alcalde, Xosé Represas.



Ponteareas homenaxeou aos seus maiores nos xardíns da residencia Santa Ana

O acto contou coa presenza da concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera, e do alcalde ponteareán, Xosé Represas

A coñecida como “Festa do Avó” non se celebraba dende hai catro anos, polo que o goberno municipal apostou por retomar unha actividade que serve como mostra de respecto ás persoas maiores do concello

Os xardíns da residencia ponteareá Santa Ana foron testemuña da homenaxe que os maiores e as maiores da vila do Tea recibiron de parte de varios representantes do goberno local, entre os que estaban a concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera, e o rexedor municipal, Xosé Represas. Catro anos máis tarde da última “Festa do Avó”, máis de 80 persoas, usuarias da residencia de maiores Santa Ana, do centro de día e socios da Asociación de

Maiores de Ponteareas, puideron gozar dunha sesión vespertina con merenda, cea, coloquio e mesmo baile para amenizar unha xornada que rende unha merecida homenaxe ás persoas maiores do municipio.

A concellería de Benestar Social escolleu a véspera do Día de Galicia para organizar un acto no que tamén participaron os traballadores e as traballadoras que acompañan no día a día aos maiores e ás maiores de Ponteareas.



Cursos gratuítos durante os meses de agosto e setembro

O Concello de Ponteareas ofrecerá un total de 40 cursos de formación gratuítos nos eidos de comercio, hostalería e autónomos os meses de agosto e setembro dirixidos a traballadores por conta allea e por conta propia e a maioría delas serán impartidas a través da Internet.



No ámbito de comercio interiores, colocación de escaparates e clases de inglés; no eido hostaleiro relacionados co oficio de camareiros e conservación de alimentos; para os autónomos cursos relacionados coa prevención de riscos laborais en pequenas empresas e coa xestión de persoal.

Todas aquelas persoas que non teñan acceso á rede poden utilizar os ordenadores do Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas (CDL) habilitados a tal efecto. Os alumnos interesados deben dirixirse ás oficinas do propio CDL, na Lomba do Cruceiro, en Ribadetea, ou informarse a través do número de teléfono 986 66 10 50.

ESCOLAS DEPORTIVAS DE VERÁN

AGOSTO

Inscripción ata o 31 de xullo
formación no Departamento de Deportes do concel e no teléfono 673 794 880

BALONCESTO
Condado
Os martes no pavillón Álvaro Pino ás 18:00 h. Colabora Club Baloncesto Condado

PATINAXE
Os mércores no CEIP Ramiro Sabell ás 10:00 h. Colabora Club Patinaxe Artístico Luar

TENIS
Os martes nas pistas da Freixa ás 18:15 h. Colabora Club Tenis Ponteareas

BILLAR
Os martes no Centro Artístico Sportivo ás 19:00 h. Colabora Escuela Billar Sportivo

WU SHU
Venres no CEIP Fermín Bouza Brey ás 11:00 h. Colabora Asoc. Deportiva Wudang

FÚTBOL SALA
Os venres no pavillón Álvaro Pino ás 18:00 h

TAI CHI
Xoves: Praza Maior 10:00 h / Parque San Roque 20:30 h. Colabora Terapias Salud

BÁDMINTON
Os xoves no pavillón Álvaro Pino ás 12:30 h. Colabora Club Bádminton Ponteareas

XADREZ
Venres no Centro Artístico Sportivo ás 18:00 h. Colabora Club Xadrez Ramiro Sabell

ATLETISMO
Campo Municipal de Pardellas. Colabora Taninos Runners Ponteareas

GRATUÍTAS

BODEGUILLA TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

PULPERIA



Teléf. 986 660 826



GASOLEOS TEA S.L.

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-



Tel. e Fax: 986 81 43 12
Rosalía de Castro, 3 A GUARDA
Tel.: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 89
Rúa Real, s/n PONTEAREAS



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPUESTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Marítimo, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS
Tel: 986 66 00 00 Fax: 986 66 01 03

SALVATERRA DE MIÑO

VERÁN CULTURAL

AGOSTO 2015



verán cultural 2015

VIVE AGOSTO EN SALVATERRA

Porriño acolle o Campus Antonio Díaz-Miguel capitaneado por Fernando Romay

Fernando Romay y Pepe Casal agradecen a la alcaldesa Eva García de la Torre la cesión de las instalaciones del Polideportivo Municipal para su utilización por los 175 participantes del Campus



La XV Edición del Campus Memorial Díaz-Miguel celebró ayer una sesión de trabajo en las pistas cubiertas del Polideportivo Municipal cedidas por el Concello do Porriño. El actual director del Campus y a su vez veterano jugador de baloncesto, Fernando Romay y Pepe Casal –entrenador y preparador físico con una larga trayectoria profesional en grandes equipos de baloncesto- se reunieron con la alcaldesa de Porriño, Eva García de la Torre, para agradecerle en nombre de los 175 par-

ticipantes la cesión de las instalaciones. Fernando Romay destacó en su visita al Concello que la principal preocupación del fallecido seleccionador nacional Antonio Díaz – Miguel era fomentar que “el baloncesto se llevase al patio del colegio”. Eva García de la Torre mostró un gran interés por el desarrollo del campus reconociéndoles “la gran labor que realizan con los jóvenes y la importancia de inculcar valores basados en el deporte como el trabajo en equipo y una forma de vida saludable”.

Eva García e Carla Pérez prenden a chama olímpica



Alcaldesa do Concello do Porriño, Eva García de la Torre, e Carla Pérez, a deportista máis laureada do Porriño de todos os tempos, prenderon esta noite a chama olímpica que inaugura os II Xogos Olímpicos do Porriño, Porrigalia. A chama olímpica saíu dende o monte do Faro de Budiño, con relevos, percorrendo diversos lugares da vila ata chegar á praza do Concello. Carla Pérez, que pertence ao club Kayak de Tui, conta con 8 medallas de ouro,

dous de prata e dous de bronce nos dous últimos campionatos de España. Participa en competicións internacionais coa selección española. Hoxe sábado 25 de xullo, Porrigalia continua con desfile de comparsas, cuadrigas e xantar e cea nas rúas, espectáculo de cabalos e cuadrigas, e os concerto de Celtas Cortos e os DJs Paolo Dumore e Raúl Ortiz. Mais información en www.porrigalia.com



■ Visita a Porrigalia Pda residente da Deputación

O Porriño

Comerciantes e concello do Porriño preparan a próxima edición de “Merca na rúa”

Os comerciantes e o Concello do Porriño traballan xa na organización da próxima edición da Feira de Oportunidades “Merca na Rúa” que se celebrará os días 12 e 13 de setembro. A Feira, que alcanza este ano a súa décimo terceira edición, celébrase na zona peatonal e atrae a numeroso público interesado polas ofertas do comercio local

La XV Edición del Campus Memorial Díaz-Miguel celebró ayer una sesión de trabajo en las pistas cubiertas del Polideportivo Municipal cedidas por el Concello do Porriño. El actual director del Campus y a su vez veterano jugador de baloncesto, Fernando Romay y Pepe Casal –entrenador y preparador físico con una larga trayectoria profesional en grandes equipos de baloncesto- se reunieron con la alcaldesa de Porriño, Eva García de la Torre, para agradecerle en nombre de los 175 par-

ticipantes la cesión de las instalaciones. Fernando Romay destacó en su visita al Concello que la principal preocupación del fallecido seleccionador nacional Antonio Díaz – Miguel era fomentar que “el baloncesto se llevase al patio del colegio”. Eva García de la Torre mostró un gran interés por el desarrollo del campus reconociéndoles “la gran labor que realizan con los jóvenes y la importancia de inculcar valores basados en el deporte como el trabajo en equipo y una forma de vida saludable”.



Eva García, alcaldesa do Porriño, entrega os diplomas ós novos monitores de fútbol base

En total foron 26 participantes neste curso que xa contan coa acreditación de entrenadores esixida a partir de setembro



A alcaldesa do Porriño entregou onte os diplomas ós novos monitores de fútbol base que finalizaron o curso organizado pola Federación Galega de Fútbol, a través da Escola Galega de Adeptadores, en colaboración co Concello do Porriño. Eva García de la Torre agradeceu ós 26 alumnos “o traballo que realizarán na formación de xóvenes e nenos transmitíndolles os valores asociados á práctica deportiva, como son o esforzo, a superación, a perseveranza, o respecto, a solidariedade e o compañeirismo”. A alcaldesa do Porriño engadiu que por este motivo o Concello “está a dar un importante apoio ás escolas deportivas e ó deporte base”. No acto de entrega de diplomas tamén par-

ticiparon o director da Escola Galega de Adeptadores, Manuel Mosquera, e o Director do curso de monitores, José Luís Mosquera. Este é o segundo ano que o curso celébrase no Porriño coa colaboración do Concello.

“Trátase dun curso intensivo de 65 horas de duración, distribuídas no último mes e medio”, explica Jose Luís Mosquera. “O do Porriño é un dos cursos con maior afluencia. Hai que ter en conta ademais que a partir do próximo mes de setembro esixirase que os adestradores de categorías inferiores teñan diplomas que os acrediten como tales”. Os alumnos recibiron formación sobre técnica, táctica, reglamento, medicina deportiva e psicoloxía aplicada.



English School

PORRIÑO

ACADEMIA DE INGLES

PROFESORADO NATIVO TITULADO

GRUPOS REDUCIDOS

Antonio Palacios, 20- oficinas 9 y 10, entresuelo
Telf: 661 958 459 - O Porriño

- Clases para niños a partir de 4 años y para adultos a todos los niveles
- Clases de Inglés para estudiantes de Primaria, ESO, Bachillerato, Selectivo y Universidad
- Preparación para exámenes de: TRINITY COLLEGE, CAMBRIDGE PET, FCE, CAE, PROFICIENCY y la Escuela Oficial de Idiomas
- Inglés comercial

Os alumnos do Curso de Lecer e Tempo Libre da Omix finalizan o curso con ganas de máis

Os 14 alumnos que realizaron as 40 h que comprendía este curso de iniciación xa manifestaron a súa solicitude dun nivel superior para obter un título regulado que lles permita traballar como monitores de lecer e tempo libre

Esta mesma mañá os alumnos que comezaron o pasado luns 6 de xullo o curso de Deseño, Planificación e Desenvolvemento de Actividades de Lecer e Tempo Libre, poñían punto final ás 40 h incluídas no programa Actívache 2015, que foron desenvolvendo a través da OMIX e en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, de luns a venres en horario de 09.30 a 13.30 h.

O concelleiro de Emprego e Formación, Raúl Francés, foi o encargado de realizar a entrega de diplomas explicando ós 14 mozos a importancia de "ampliar o campo laboral abrindo a novas opcións formativas que permitan unha mellor inserción no mercado profesional". Interesouse polo traballo levado a cabo ó longo destes días e polos programas que en grupos foron desenvolvendo, así como plans de traballo que foron desenrolando baixo a supervisión da titora Montserrat Buxán Bran, Técnica en Animación Socio-Cultural.

Entre os contidos deste curso, tocáronse temas como: Animación e educación; o grupo; o xogo e os seus tipos; a figura do monitor de tempo libre, calidades e responsabilidades; deseño de proxecto de lecer e tempo libre. Un curso que aos 14 usuarios que o finalizaron sóubolles a pouco, xa que se quedaron con ganas de máis, de feito

solicitaron unha ampliación do mesmo, xa que a titulación regulada consta de 200 h teóricas e 140 h de prácticas. Como toma de contacto co sector este curso é un bo inicio, aínda que coa súa realización poden traballar como auxiliares baixo a supervisión dun técnico en Animación Socio-cultural.

Montserrat Buxán destacou deste grupo a gran achega que cada



un deles supuxo nos traballos grupais "uns mozos con moitas ganas de aprender e que funcionaron moi ben en conxunto, xa que ademais de ser moi dinámico aportaron personalidades moi diferentes, cada unha con aspectos moi positivos". En plano xeral destacou a súa participación e compromiso de implicación.



sondeleite

Curso de MUSICO TERAPIA

**Sábados de 10:30 a 13:00 h.
do 3 de outubro ó 19 de decembro.
No Centro Social de O Porriño.
Inscripción 6 euros
Información e inscricións en:
sondeleite@gmail.com**

Programa "Pensa en Ti"
Deputación

fagamos da familia
o mellor lugar para crecer

correo-e: sondeleite@gmail.com
Facebook: facebook.com/sondeleite

Condado

III Festival de Música Rogelio Groba

Redacción



dade de Javier Díaz, Helena Poggio, André Cebrián ou Xoel González. Tamén haberá un concerto coral a cargo do Obradoiro Vocal 'A Vila' e do Coro Xuvenil 'Cantemos', que contarán coa participación dos directores Josu Elberdin e Javier Busto.

Estrea mundial de Rogelio Groba

O festival terá como protagonista o compositor Rogelio Groba (1930, Guláns, Ponteareas), que este ano celebra o seu oitenta e cinco aniversario. No marco desta conmemoración o festival ofrecerá a estrea mundial do seu concerto 'O xilgalo e o picapau', xunto coa interpretación doutras obras da súa autoría. Mozart, Paganini, Bach, Vivaldi, Britten, Brahms, Tchaikovsky, Hubay, Wienawski, Waxman, Ravel, Ernst, Kroll e Holst, entre outros, completan a nómina de compositores da terceira edición do festival.

Completa o programa da terceira edición do festival o apartado pedagóxico, que nesta ocasión correrá a cargo da chelista Helena Poggio, especialista no seu instrumento e tamén en música de cámara, que se encargará de impartir as clases maxistras no Conservatorio Municipal de Ponteareas.

Divulgar a música do compositor Rogelio Groba, impulsar unha actividade musical de calidade que poña en relevo a importancia da música clásica e o labor que os músicos galegos realizan no eido da interpretación en cooperación con músicos internacionais, así como fomentar a formación dos novos talentos musicais son os eixos centrais deste festival, que conta desde a súa primeira edición co apoio de Cultura e Educación.

Despois do éxito de público e de crítica das dúas primeiras edicións, o Festival Groba afronta no 2015, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a súa terceira edi-

Durante a presentación en rolda de prensa da nova programación, que tivo lugar esta mañá na Cidade da Cultura de Galicia, o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, dixo que "a difusión da música clásica e o compromiso

función que cumpre o festival de difundir a súa figura e a súa obra, nun ano especial no que celebra o seu oitenta e cinco aniversario, engádeselle o aliciente de estar centrado na proxección dos novos valores do violín: o instrumento que mellor representa a traxectoria profesional dun músico contemporáneo que soubo captar as correntes actuais e convertelas nunha linguaxe propia de calidade".

A Orquestra de Cámara Galega, formación residente

O secretario xeral de Cultura amosouse convencido de que, na súa terceira edición, "o festival acadará un novo éxito e seguirá o seu camiño para consolidarse como unha das referencias necesarias da música de hoxe". Tamén felicitou a Orquestra de Cámara Galega (OCG) –fundada en 1995 por iniciativa de Rogelio Groba Otero, director-concertino, e Clara Groba, violonchelo principal e solista– formación residente no festival desde a súa primeira edición e pilar básico no seu deseño artístico, que este ano cumpre dúas décadas da súa formación. Rogelio Groba Otero foi o encargado de presentar a proposta ar-

tística durante a rolda de prensa, na que tamén participaron o xerente da Fundación Groba, Manrique Fernández, e mais o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas. Pechou o acto un cuarto de corda da OCG, coa interpretación da obra 'Natural', de Rogelio Groba.

I Concurso de Xoves Violinistas

Co fin de motivar o estudo e a excelencia entre os xoves violinistas, o Festival Groba realizará, coma gran novidade desta edición, o I Concurso de Xoves Violinistas. Artistas novos de diferentes países competirán no Auditorio Reveriano Soutullo fronte a un xurado integrado por nomes do prestixio de Clara Jumi, Xesús Reina, Elena Urioste, Pablo Vidal ou Rogelio Groba. Contarán, ademais, coa colaboración da prestixiosa pianista Kasia Wieczorek, unha das máis solicitadas do panorama actual como pianista acompañante, para a fase de selección. Na final deberán actuar conxuntamente coa Orquestra de Cámara Galega que, un ano máis, exerce de orquestra residente do festival. Esta nova cita volverá contar cos tradicionais concertos, todos eles gratuítos e a cargo de recoñecidos artistas galegos e internacionais, nos que a OCG estará acompañada de solistas da cali-



ción apostando polos seus dous obxectivos principais: ser un referente no eido da interpretación e da educación dos novos talentos musicais. Con estes fins, o festival programará do 8 ao 14 de agosto concertos diarios e gratuítos no Auditorio Municipal de Ponteareas, xunto cunha oferta pedagóxica baseada nesta edición na música de cámara e na interpretación vocal.

coa educación das novas xeracións de músicos son dous piares fundamentais do festival" Anxo Lorenzo dixo tamén que o Festival Groba "constitúe unha homenaxe ao mestre que lle dá nome, pola súa contribución á música e en recoñecemento da súa traxectoria, tanto no estranxeiro como en Galicia, onde desenvolveu unha actividade docente extraordinaria". "A esta



A Guarda en Festas: agosto – setembro, 2015

AGOSTO

30 DE XULLO

DIÁLOGOS EN EDUCACIÓN: "MESTRES E MESTRAS REPUBLICANOS: O COMPROMISO COA MODERNIDADE EDUCATIVA", a cargo de Xosé Manuel Cid Fernández (Universidade de Vigo)
Antigo colexio PP.Xesuítas, Camposancos ás 20:00h.

30 DE XULLO

CONCERTO DE BANDAS SONORAS DE PELÍCULAS. Conmemoración do X Aniversario da Agrupación Musical da Guarda.
Na Praza do Reló ás 22:30 h.
Organiza: Agrupación Musical da Guarda; Colabora: Concello da Guarda

31 XULLO-9 DE AGOSTO

FESTAS DO MONTE

en diferentes enclaves da localidade

Día 31, venres: Pregón no Auditorio de San Bieito a cargo de D. José Manuel Domínguez Freitas, ex alcalde de A Guarda (20:00 h.). A continuación Festival Folclórico a cargo de grupos de A Guarda.

Día 1, sábado: Saída da "Andaina" (18:00 h.) e tradicional "Trofeo Festas do Monte Hockey Liña". Senior e infantil no pavillón do colexio As Solanas. Ás 19:00 h. "Carreras Pedrestres Populares".

Día 2, domingo: Concurso Internacional de pesca deportiva: "XV Trofeo Festas do Monte".

Día 3, luns: Festa homenaxe á 3ª Idade, a cargo dos Zanfonos (20:00 h.), onde se recoñecerá a raíña e damas no Auditorio de San Bieito. Ás 22:30 h. verbena a cargo das orquestras "Terranova" e "Ibiza".

Día 4, martes: Na explanada ao lado da Atalaia "Galifornia Beat" (10:00 h.), Open de ciming, drift trike. Muestra de Flyboard, mercadillo musical e concertos a partir das

19:00 h. "Día del niño" (comunicaranse actividades).

"XIX Certame de Poesía Feliciano Rolán" (21:30 h.). Vebena a cargo das orquestras "Gran Vía e D'Moda" (22:30 h.).

Día 5, mércores: "Marcha Cicloturística Popular" ás 17:00 h. con saída e chegada na Alameda (obligatorio o uso do casco).. Ás 22:30 h., verbena a cargo das orquestras "Pasarela" e "Alaska".

Día 6, xoves: "XIII Campionato exhibición de xadrez ao aire libre polas rúas da localidade (A partir das 16:00 h. na Alameda). Ás 22:30 h, berbean a cargo das orquestras "Ciudad Cristal" e "Aramio".

Día 7, venres: "XXIV Trofeos Festas do Monte Fútbol Infantil (En estadio de A Sangriña). Ás 22:30 h, verbena a cargo das orquestras "Ciclón" e "Super Fama".

Día 8, sábado: "Gran desfile folclórico tradicional e das bandas mariñeiras" (12:00 h.). Ás 22:30 h, verbena a cargo da orquestra "Manchester".

Día 9, domingo: A primeira hora da mañá, comezarán a subir as Bandas Mariñeiras cara o Monte, como tradicionalmente se realiza. Ás 22:00 h. verbena a cargo dos grupos AMBAR e TBM.

Día 10, luns: Actuación na Alameda do "Coro Stella Maris" (22:30 h.) con exhibición de pirotecnia arredor das 12:00 h. da noite. Dende ás 10:00 h., tradicional percorrido do "Grupo de Gaitas" polas rúas da localidade todos os días.

Organiza: Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva O Canelón

1 DE AGOSTO

NOITES GUARDESAS DO DEPORTE


No Campo de Fútbol da Sangriña a partir das 21:30 h.

Organiza: Do-majó; colabora: Concello da Guarda

1 e 2 DE AGOSTO

FESTAS DE SAN CAETANO

No Barrio da Cruzada



Día 30, xoves: Subida do Arco Floral (21:00 h.).

Día 31, venres: Gran sardiñada amenizada co grupo de gaitas e bombos "Os Terribles de Tomiño" (21:00 h.).

Día 1, sábado: Pasarrúas pola mañá do grupo de gaita e bombos "Os Terribles de Tomiño". Gran Vebena a cargo do grupo "Son de Swin" e a Orquestra "Añoranza".

Día 2, domingo: Misa solemne (11:30 h.) e as tradicionais puxas (19:00 h.)

Organiza: Comisión de Festas de San Caetano

4 AGOSTO

XIX CERTAME DE POESÍA FELICIANO ROLÁN

No Centro Cultural ás 21:00 h.

Organiza: Agrupación Cultural Guardesa. Colabora: Concello da Guarda


Area Grande
restaurante · taparía · cafetería
Praza Area Grande, s/n · 36780 A Guarda (Pontevedra)
☎ 986 61 30 91


Todo un clásico de A Guarda, con más de 60 años a su servicio.
Comida casera y extensa carta de vinos.
Especialidades:
- Pulpo con patatas
- Estofado de Merluza
- Recuelto de la casa
- Pescado de la zona
A Roda, 34 · 36780 A Guarda
986 61 10 15


Marouco de Palla
Tapería · Terroza · Bar
PLAYA DE FEDORENTO ☎ 628 23 66 87

MASTER
CADENA
MASTER LA GUARDIA
986 611 973
C/ Manuel Alvarez, 20 · A GUARDA
a www.mastercadena.es
e laguardia@mastergalicia.com


José Manuel Rodríguez Casal
NOTARIO
C/ Concepción Arenal 75 2ºG · 36780 A GUARDA
Tel. 986 611 005 | Fax 986 611 123
e-mail: rodriguezcasa@notariado.org

Restaurante
Riveiriña
VIVEROS PROPIOS DE MARISCO
AVENIDA DEL PUERTO, 28
TÉLF. 986 61 03 56 | 986 61 07 35
LA GUARDIA
PONTEVEDRA


A Guarda

14, 15 e 16 DE AGOSTO

FESTAS DE SAN ROQUE

no Barrio de Salcidos

Venres 14 de agosto a partir das 20:00 h. : CHURRASCO e noite DJ: DJ SANTO, DJ GUILLER, DJ RUBÉN RIVEIRO, DJ M. LEMOS. Prezos populares todos os días na cantina da comisión.

Sábado 15 de agosto: A Treboada Camilo y sus Chic@s percorrerán as rúas do pobo. Pola noite baile-verbena con: CICLÓN-AMBAR.

Domingo 16 de agosto. Ás 11:00 h. presentación na Praza do Coruto da Banda de Música de Salvaterra. De seguido pasarrúas. O remate da misa dará un concerto no recinto de festas. Pola tarde actuación charanga “Vai de Baile”. Despois as tradicionais poxas.
Organiza: Comisión de Festas de San Roque

15-16 DE AGOSTO

III MÁSTER NACIONAL DE FUTBOLÍN

Organiza: Recreativos JOPECO-LNFBaixoMiño
Recreo Artístico Guardés durante todo o día

20 DE AGOSTO

DIÁLOGOS EN EDUCACIÓN: “LUCES E SOMBRAS NA POLÍTICA EDUCATIVA GALEGA DESDE A TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA”, a cargo de Antón Costa Rico (Universidade de Santiago)

Antigo colexio PP.Xesuítas, Camposancos ás 20:00h.

22 DE AGOSTO

VIII FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA “VILA DA GUARDA”

Actúan a “Banda de Música Nova Lira” de Moraña e a “Banda de Música Municipal de Ribadeo”.

No Auditorio de San Bieito ás 19:30 h.

Organiza: Agrupación Musical da Guarda; Colabora: Concello da Guarda

22 DE AGOSTO

TORNEO DE BALONCESTO 3x3

No Centro Cultural durante todo o día.

20 DE AGOSTO

DIÁLOGOS EN EDUCACIÓN: “OS CONCELLOS E A EDUCACIÓN. PROBLEMA OU OPORTUNIDADE”, a cargo de Miguel Anxo Santos Riego (Universidade de Santiago)
Antigo colexio PP.Xesuítas, Camposancos ás 20:00h.

28,29 e 30 DE AGOSTO

IV FESTA GASTRONÓMICA DO PERCEBE

Na Alameda durante todo o día

Organiza: Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva O Canelón

29 DE AGOSTO

TORNEO DE VOLEI PRAIA

Na praia da Lamiña durante todo o día

OPEN DE ESCALADA

No Centro Cultural de 10:00 á 22:00 h.

Organiza: Aviva Sport Club; Colabora: Concello da Guarda
SERÁN DA GUÍA



Praza da Guía a partir das 22:00 h.
Organiza: Asociación Folclórica Vento Mareiro
PROCESIÓN DO VOTO
Monte de Santa Trega
Organiza: Irmandade do Clamor

EXPOSICIÓNS

1-23 DE AGOSTO

EXPOSICIÓN DE PINTURA “10 AÑOS, 100 RETRATOS”
Exposición de pinturas de Gemma Marqués.
Casa dos Alonso

31 DE XULLO-10 DE AGOSTO

EXPOSICIÓN “A SOLAS CON MIS PINCELES”
Presentación da nova obra da artista guardesa María Sobrino.
Sala de Exposicións do Centro Cultural

SETEMBRO

3 DE SETEMBRO

DIÁLOGOS EN EDUCACIÓN: “A CONCIENCIA AMBIENTAL: UNHA NECESIDADE SOCIAL E UN RETO EDUCATIVO”, a cargo de Araceli Serantes Pazos (Universidade da Coruña)
Antigo colexio PP.Xesuítas, Camposancos ás 20:00h.

4, 5 e 6 DE SETEMBRO

FESTAS VIRXE DA GUÍA

Día 4, venres: A partir das 22:30 h. actuación da “Orquestra Passarela” e o grupo “Crash Cover Band”.
Día 5, sábado: Pola mañá percorrerán as rúas da vila o grupo “Mucha Marcha”. Ás 22:45 h. actuación de “Milla-doiro en concerto”. A continuación os “Duques de Monterrey” e para finalizar “Disco Móvil” con animación.
Día 6, domingo: Ás 11:30 da mañá misa solemne seguida dunha procesión acompañada polo grupo da 3ª idade da Guarda e o grupo folclórico “Refaixos e Polainas”.
De 18:00 a 22:00 h. as tradicionais puxas.
De 22:30 a 00:00 h. a actuación do monologuista Miguel Lago (Club de la Comedia)
A partir das 00:00 h. para dar remate as festas, espectacular tirada de fogos de artificiais.
Na Praza da Guía
Organiza: Comisión de Festas da Virxe da Guía

5 DE SETEMBRO

VI TORNEO DA CACHIZA DA GÁNDARA

Organiza: Asociación Percamino
Na Praza dos Seixiños a partir das 16:00 h.

10 DE SETEMBRO

DIÁLOGOS EN EDUCACIÓN: “POLÍTICA E EDUCACIÓN. CAMIÑO DE VOLTA DUN TÉCNICO DO ESTADO NA TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA”, a cargo de Pedro Caselles Beltrán (Ministerio de Educación)
Antigo colexio PP.Xesuítas, Camposancos ás 20:00h.

12-13 DE SETEMBRO

FESTA DA ARTESANÍA E CERVEXA ARTESÁ

Na Alameda da Guarda durante todo o día
Organiza: Asociación Cultura Cervecera.

19 DE SETEMBRO

O SERÁN NA GÁNDARA

Organiza: Asociación Percamino
Na Praza dos Seixiños a partir das 22:00 h.

20 DE SETEMBRO

TRAIL MONTE TREGA

Organiza: Concello da Guarda
Monte Trega

23 DE SETEMBRO

ROMERÍA DE SANTA TREGA

Misa, procesión da Santa e tradicional puxa de produtos, pola mañán. Seguido do tradicional xantar familiar.
No Monte de Santa Trega durante todo o día

25, 26 e 27 DE SETEMBRO

FESTAS DAS MERCEDES

Na Praza dos Seixiños

Día 25, venres: “Festa da Zorza”.

Día 26, sábado: Carreira Popular “Julia Vaquero”.

Día 27, domingo: Misa solemne e procesión pola mañá, e pola tarde xogos populares e teatro, amenizado por “San Fins de Rebordáns”. Máis pasarrúas do “Trebóns dos Xidos”,
Organiza: Asociación Percamino

36.700 A Guarda
Pazo San Benito, 2º e 3º
Tel. 986 62 72 36
www.sanbenito.es

San Benito.

Formación

Informática

CENTRO HOMOLOGADO en
+ 60 Certificados de Profesionalidad ...

Xeito

RESTAURANTE • MARISQUERÍA

ESPECIALIDADES

Peixados e mariscos de río
Regadoiro con arroz
Enxoval de lula
Cordero a Tolo
Galeira de peixados
Pastas caseiras

Rúa Fernández Albor, 19 (a final do porto)
Tel. 986 610 474 - Móvil: 858 984 234
36780 A GUARDA (Pontevedra)
SERVICIO DE TAXI: 579 413 581

Bar - Restaurante

O' COUTO

COMIDAS CASEIRAS
ESPECIALIDADE EN EMPANADAS
COMIDAS POR ENCARGO
SERVICIO DE ULTRAMARINOS

T. 986 62 72 36

Ctra. de Camposancos, 110 - 36788 CAMPOSANCOS

El Pescador

CAFE - BAR

T. 986 61 32 49 / 670 69 14 03

Concepción Arsal, 23 - 36780 A Guarda

“Un goberno novo esixe unha nova política”

Antonio Lomba Baz, alcalde de A Guarda

Aínda que xa levaba varios anos dentro do Concello como concelleiro, Antonio Lomba Baz, recolleu o bastón de mando que lle cede o seu compañeiro de partido Freitas. Obviamente non é o mesmo ser concelleiro que ser alcalde, por iso nós quixemos conversar con el para que informara aos nosos lectores como se ve a cousa dende a cadeira da alcaldía.

Por: Guillermo Rguez. Fdez.

Vexamos, alcalde. Que diferenzas nota vde. entre o ser concelleiro e agora ser Alcalde?

■ Ben, unha primeira diferenza puidera ser que como concelleiro estaría de vacacións e como Alcalde estou aquí amarrado ao duro banco, que diría o poeta. Outra diferenza está en que o Alcalde ten que coordinar toda a actividade municipal e ademais dar resposta aos veciños cando presentan os seus problemas que non son poucos.

Vai ser un goberno de continuidade ou veremos cambios importantes?

■ Eu formaba parte do equipo de A Guarda e polo tanto son copartípeco co que se fixo ata agora; algo que a todos nos gustaba facer. Indubidablemente, un chega á Alcaldía e debe poñer sobre a mesa a súa impronta, a súa maneira de facer as cousas, porque as cousas cambian. De feito, veciños cos que un se atopa pola rúa xa falan de que aprecian cambios.

Cambios para mellor ou para peor?

■ Seguro que hai de todo. Para uns imos a mellor, para outros imos a peor.

A Deputación de Pontevedra cambiou a cor política do seu equipo de goberno. A Guarda ten aí unha deputada gobernando, que cambios espera vde. deste organismo que ata agora primou excesivamente, ao noso parecer, aos concellos do P. Popular-

Nós temos moi claro que fomos discriminados; que ten unha débeda histórica con A Guarda. Fun concelleiro de cultura no anterior goberno e fun maltratado pola Deputación. Eu espero que, cando menos, atenda de maneira equitativa a todos os concellos; pero no caso de A Guarda podemos falar dunha discriminación positiva a favor deste concello. Queremos recuperar parte do que se nos negou durante tantos anos. Hai proxectos que dormen o sono dos xustos nalgún caixón da Deputación. Espero que agora se saquen de aí e se lles dea a resposta axeitada.

A Guarda está situada no Sur de Galicia preto de Portugal pero lonxe de Vigo e de Pontevedra. É beneficiosa ou perxudicial esta situación xeográfica?

■ Esta situación convértea nun dos lugares máis emblemáticos de Ga-

licia. A Guarda é o que é por estar situada onde está. Conservouse ceibe dun agresivo desenvolvemento urbanístico por estar onde está. Nós temos unha paisaxe envexable, estamos na Rede Natura por estar onde estamos, recibimos un premio da Unión Europea á excelencia turística, etc. Tamén temos inconvenientes, por exemplo, tardar demasiado tempo en acceder á nosa cidade de referencia que é Vigo, pero non pola distancia senón pola falta de estruturas viarias axeitadas. Estar a 50 kms. de Vigo non é o problema, senón o tempo que tardamos en chegar aí. A comunicación entre a Guarda e Tui é deficiente, agás uns cantos kilómetros. Isto perxudícanos dende dous puntos de vista esenciais: o sanitario e o laboral. A xente non contempla ter traballo en Vigo ou O Porriño e vivir na Guarda. De ter facilidades de mobilidade seguro que nós tiñamos aquí posibilidades de fixar poboación. Existe un proxecto dun pequeno polígono industrial entre a Guarda e Tomiño paralizado pola Xunta.

A Guarda desexa pertencer a Área Metropolitana de Vigo, pero agora preséntase un novo problema, como chegar ao novo Hospital de Beade? Xa foron tratados estes temas?

■ Non é correcta a expresión de que

queremos pertencer á Área Metropolitana de Vigo. A Guarda pertence xa á Mancomunidade do Baixo Miño. Nós o que queremos é ser incluídos na rede de transporte da Área Metropolitana. Para nós, Vigo é a cidade de referencia; os guardeses cando collen aquí un autobús, no 90% é para ir a Vigo. O que non pode ser é que saia o dobre de caro ir de A Guarda a Vigo que de Pazos de Borbén a Vigo. Por que? Porque non estamos na Área Metropolitana do Transporte e non podemos beneficiarnos dese servizo. Logo o que pedimos é ser integrados nesa área de transporte. A outra cuestión do novo hospital pensamos que tivo unha andaina pouco afortunada para nós. Tiñamos un hospital de referencia que era o Meixoeiro ao que tiñamos un acceso de transporte público directo dende A Guarda; agora temos un novo hospital ao que non temos acceso por medio do transporte público e temos que facer transbordo: de aquí á estación de autobuses e logo dende alí ao novo hospital.

Creo que existen agora líneas de autobuses, insuficientes a todas luces. Pero logo queda o transporte privado que se vai atopar cun aparcamento privado polo que ten que pagar. Non sei a que listillo se lle ocorreu semellante cousa. Penso nunha familia de A



Guarda, sobre todo, que teña un familiar un mes hospitalizado e que vaia todos os días a estar con el, como fai facer para pagar ese aparcamento privado? ¡¡Unha tolemia!!

■ Creo que teñen que pagar ata os traballadores do propio hospital?

-Ben, a estes tralladores disque lles van facer unha rebaixa; que asinando un contrato descóntanlle da nómina mensual o custo do aparcamento.

-Non cre, o Alcalde de A Guarda, que o Partido Popular parecera que trata de escorrentar aos seus propios votantes con decisións deste tipo?

■ Ben, eu creo que os populares decidiron construír un hospital por necesidades poboacionais, pero logo á hora da súa xestión compórtanse tal como lle manda a súa ideoloxía. Eles sempre defenderon as empresas que á súa vez lles apoian e poñen nas súas mans a xestión do hospital, do aparcamento e do que faga falta para que todo quede na casa. A min o que me estraña é que aínda quede xente que se alporiza con estas medidas do partido do goberno. Eles son coherentes coa súa filosofía da vida. Colexios privados con convenios estatais que prosperan, hospitais privatizados para que as

empresas gañen cartos.

Os votantes do P.Popular teñen que decatarse de que os populares son así pero hai outros que entenden a política como o servizo para os máis desprotexidos; que a Medicina, o Ensino, a dependencia, deben ser gratuítas, pagadas polo Estado. Aí estamos os socialistas defendendo outro modelo de sociedade. Que ninguén se estrañe do que fan. Eles fan o que está non seu ADN.

-Falemos agora das Festas do Monte. Como se ven dende o concello?

■ As Festas do Monte son as máis importantes deste concello e de toda a comarca, aínda de fóra dela. Foron recoñecidas como de interés turístico, aínda que as Festas son responsabilíase dunha Comisión Especial que é a responsable de todo. Nós dende o concello prestámoslle sempre, antes e agora, toda a nosa colaboración en forma de servizo de intendencia. Os noso departamentos de seguridade, de infraestruturas móbiles, de personal de apoio, etc. sempre estiveron dispoñibles para o que fixera falta. Desexámoslle unha boas festas e saben que o concello está aquí para o que necesiten, pero, repito, as Festas do Monte non son organizadas polo Concello.



Tomiño

O Concello de Tomiño organiza unha recepción aos piraguistas tomiñeses triunfadores no campionato do mundo

O Concello de Tomiño organizou esta mañán unha recepción aos piraguistas tomiñeses que regresaron esta semana de Montemor O Velho (Portugal) con tres importantes triunfos. Roi Rodríguez Huertas conseguiu o título de campión do Mundo en dúas categorías: K1 1000 metros categoría sub-23 e K4 1000 metros categoría sub-23. Alfonso Domínguez Rodríguez acadou Medalla de Bronce no C4 500 metros categoría junior, tamén no campionato do mundo. O Concello de Tomiño quixo homenaxear a estos dous piraguistas agasallándolles ademais con material deportivo.

No evento desta mañán, o equipo de goberno quixo tamén obsequiar con material deportivo a Rubén Millán, campión do Mundo en en K-4 1.000 metros sub-23 no ano 2014, e que en quince días participará no campeonato clasificatorio preolímpico.

Os tres deportistas forman parte do clube Kayak Tudense e aos seus 20 anos levan colleitado triunfos tras triunfos por todo Europa. Ismael Troncoso, concelleiro de deportes, resaltou o “esforzo de Roi, Alfonso e Rubén que adican horas e enerxía a cada día ser os mellores deportistas. O seu traballo está hoxe máis presente que nunca”.

A Alcaldesa de Tomiño dixo “queren transmitir o orgullo de todos os tomiñeses e tomiñesas por estos tres deportistas que levan o nome do noso Concello por todo o mundo e que día a día escriben páxinas de gloria para o deporte galego”. Segundo González “os éxitos destes deportistas é o triunfo das súas familias que consagran tempo e asumen importantes investimentos para que os seus fillos poidan adicarse a súa vocación. Tamén o é club kayak tudense que leva anos preparando a mozos e mozas da comarca e formandoos día a día para que poidan ser os mellores no que máis lles gusta”.



I edición do Trofeo de Futvoley

Onxte Sábado celebrouse na praia-fluvial de Goñán-Tomiño la I edición do Trofeo de Futvoley “Concello de Tomiño”.

Nunha soleada e calurosa mañá os máis pequenos arrancaron arrancaron o espectáculo e brindaron unha grande competición que culminou na grande final entre Noel e Pedro vs. Santos e Brais, que finalmente gañaron os primeiros, non sen sufrir, por un apretado 21-19.

Nesta mesma categoría Junior na final de consolación polo terceiro posto impuxéronse Joel y Óscar completado así o podium final.

Na categoría adulto houbo un grande espectáculo, tras dúas disputadas semifinais entre Masky e Trosky fronte a Germán e André, que se plantaron na final que se resolveu no terceiro e definitivo

set a favor dos segundos por 2 a 10 proclamándose campión de este trofeo Concello de Tomiño. Houbo tempo tamén para a final

de consolación nesta categoría, o terceiro caixón do podium subíronse Carlos e Junior tras un disputado partido ante Breno e Suso.



A Guarda



Finaliza o Campamento Urbano 2015

O Campamento Urbano organizado polo Concello da Guarda finalizou o venres pasado cunha gran festa na que desfrutaron tanto os rapaces e as rapazas, coma as súas monitoras.

Durante todo o mes de xullo, corenta rapaces e rapazas participaron nas diferentes actividades programadas por este campamento.

A pesar de que a meirande parte dos obradoiros e xogos os realizaron no espazo do antigo colexio Sinde da localidade, os nenos e nenas visitaron diferentes puntos do municipio xunto cos seus monitores. Así, fixeron visitas, por exemplo, ó Montaña ou ó Museo

do Mar, onde puideron observar o novo acuario e sorprenderse coa cantidade de cunchas e especies diferentes que alberga.

Este tipo de campamentos urbanos organizados polo Concello están programados para que os pais e nais poidan conciliar a vida laboral e a familiar nos meses de vacacións dos seus fillos.

Un ano máis esta actividade foi un éxito polo que espera repetirse en anos posteriores.

A Guarda

Restaurante - Marisquería

CASA VALLADEIRO

...En A Guarda

Rúa do Porto 7
36780 A Guarda
Pontevedra
Tel. 986 61 04 68



As Copas
Café Concierto

Praza As de Copas s/n - 36780 A Guarda (PO)
Horario 10:00 / 04:30 - Tlf: 626898376 / 686870419

TAPERÍA
El Paseo

VARIEDAD DE TAPAS
COMIDA PARA LLEVAR

Rúa do Porto, 32 - Tel. 986 61 11 08
36780 - A GUARDA - PONTEVEDRA






- Centro Gerontológico y Centro de Día.
- Plazas Concertadas.
- Estancias permanentes y temporales.
- Atención médica y psicogeriátrica, atención sanitaria 24 h, cuidados paliativos, rehabilitación, estimulación cognitiva, actividades lúdicas, peluquería, podología...
- Situada a 200 m. de la playa.

MONTE TECLA
RESIDENCIA TERCERA EDAD

Playa Camposancos s/n. A Guarda
Telf.: 902.364.491 - 986.627.265

www.monteteccla.com





Calidad de Vida



En baño,
laguardia & moreira

laguardia & moreira

www.laguardia-moreira.com www.multimat.es -902 18 20 00- atcliente@laguardia-moreira.com

La Coruña - Vigo - Villagarcía - La Guardia - Multimat Ourense

Novas da Raia

SALCEDA

O Concello de Salceda recibe un novo vehículo policial

O concello de Salceda de Caselas conta ven de recibir un novo vehículo da Policía Local a través da concesión dunha subvención do cen por cen do custo do vehículo, dentro do programa operativo de fondos europeos Feder-Galicia eixe 3 de protección de riscos para dotar de equipamentos de emerxencia os corpos da policía local dos concellos que contan con corpo propio de seguridade, como é o caso do concello de Salceda de Caselas.

José Luis González, concelleiro tráfico e seguridade, afirma que: O novo vehículo policial trátase dun Citroën C4 Cactus, e ven equipado con todos os mecanismos de seguridade que a normativa actual esixe, así como os medios necesarios para desenvolver unha mellor labora policial de vixilancia e control.

Coa incorporación do novo coche patrulla, o máis antigo dos actuais coches da policía local reutilizarase para a área de vías e obras acometendo as adaptacións oportunas para tal fin.

Ademais, o Concello está pendente da entrega dunha motocicleta dentro da

mesma subvención e que según asegura o concelleiro de tráfico e seguridade José Luis González permitirá dar un novo servizo ós veciños do municipio xa que incrementará as posibilidades de acceso da policía local a sitios máis inaccesibles do concello dun xeito máis rápido e axil, así como para prestar servizo a múltiples actos culturais, deportivos, medioambientais ou de outra índole que se veñen desenrolando ó longo do ano tanto polo concello. Tamén servirá de apoio ás múltiples actividades que organizan as distintas asociacións do concello de Salceda de Caselas.

José Luis González, concelleiro de tráfico: "Optando a estes fondos europeos renovamos o parque móbil da policía local a un custe cero e repercutimos na mellora do servizo dos veciños e veciñas de Salceda."

Marcos Besada, alcalde de Salceda: "Ampliamos os servizos ós cidadáns, dotando de máis e mellores medios ó corpo da policía local como reforzo ós múltiples servizos que presta".



A GUARDA

Oito alumnos guardeses gañadores do Rally Científico de Toulouse



O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, xunto a Concelleira de Educación, Elena Baz, recibiron esta mañá, no Salón de Plenos do Concello, ós oito alumnos do IES A Sangriña que resultaron gañadores no Rally Científico Matemático celebrado en Toulouse. Os nenos e nenas de entre 12 e 13 anos, acompañados polas súas familias e por Carmen López, en representación do departamento de matemáticas do instituto, e o equipo directivo do mesmo, recibiron a noraboa por parte do Concello. Antonio Lomba, quixo felicitar tanto os rapaces e rapazas polo seu primeiro posto no certame, coma o departamento que os acompañou nesta aventura. "Quero darvos a noraboa e recoñecer a labor de representación da nosa vila nas probas que pasástedes, tanto en Santiago, como, por suposto en Toulouse", dixo o alcalde. Ademais, Lomba, mestre de profesión, bromeu

con eles avisándolles de que tras este éxito xa non poden baixar o nivel nas súas notas. Carmen López, non dudou en felicitar ós rapaces e falar da ilusión posta polos nenos e nenas neste certame. Ademais quixo agradecer a axuda tanto do Concello como do veciños e veciñas da Guarda, para poder facer posible este certame.

Tras as palabras, tanto Antonio Lomba coma Elena Baz fixeron entrega de diferentes agasallos ós nenos e nenas e tamén ó instituto. Iago Álvarez, Alex Fernández, Nahir Álvarez, Sarai Alfonso, Yoel Cardoso, Valeria Baz, Nayara Diego e Lucía Lorenzo se foron a casa cō recoñecemento do Concello e cun libro de fotografía, outro de manualidades, postais, e un chaveiro. Carmen López recolleu, en representación do instituto, un agasallo conmemorativo que representa o Castelo de Santa Cruz e tamén varios lotes de libros.

Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino
Tlf: 986610834 Pontearuas (Pontevedra)

A GUARDA

Remata a primeira edición do verán-deportivo

O pasado venres, día 17 de xullo, rematou a primeira edición do Verán-Deportivo, organizado polo Concello da Guarda, a través da Concelleira de Deporte.

Durante dúas semanas, os oito participantes nesta aventura, realizaron diferentes actividades físicas gozando dos espazos naturais da Guarda. Así, por exemplo, na Praia da Lamiña tiveron unha busca do tesouro coa dificultade de ter que orientarse cun compás.

Ademais, os nenos e nenas, con idades comprendidas entre os

oito e os trece anos, puideron realizar deporte no Clube Alagua, Clube Remo Robaleira, Padel indoor 2x2, Kayak Senda verde-azul e A Guarda Hockey liña.

Todo isto e máis, para que os nosos participantes gozaran das múltiples posibilidades de deporte que ofrece o Concello da Guarda.

No último día deste Verán-Deportivo, o Concelleiro de Deportes, Javier Crespo, entregoulle a cada un dos rapaces un diploma, tras finalizar a actividade de hockey sobre patíns no pavillón das Solanas.



MONÇÃO



Campanha porta a porta para promover a separação de resíduos sólidos domésticos

iniciativa arrancou hoje em Monção com a distribuição pelos residentes no centro histórico de um kit com três sacos diferenciadores para deposição de resíduos. Augusto de Oliveira Domingues realçou a componente ambiental e económica associada a esta campanha pessoal.

A campanha de sensibilização ambiental “Divida por todos e seja feliz”, promovida pela Valorminho e Sociedade Ponto Verde, consta da distribuição de um kit com três sacos diferenciadores para colocação de resíduos, um funil para deposição de óleos alimentares, um saco reutilizável e informação alusiva à reciclagem.

Em Monção, o ponto de partida desta campanha porta a porta teve lugar esta manhã com a presença do presidente da Câmara Municipal de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, os vereadores

Conceição Soares e Paulo Esteves, a técnica de ambiente, Cátia Gonçalves, e uma dúzia de jovens praticantes de voluntariado ambiental. Neste percurso pelo centro histórico da vila, que contou ainda com elementos da Valorminho, Raul Gonçalves e Dora Guterres, os residentes e trabalhadores do comércio e serviços públicos foram surpreendidos com a oferta e manifestaram o seu agrado com esta iniciativa camarária.

Para o autarca monçanense, Augusto de Oliveira Domingues, esta ação de sensibilização ambiental focaliza-se na ideia que “a recicla-

gem do lixo doméstico implica ganhos ambientais relevantes” e no argumento que “a colocação diferenciada de resíduos assegura um custo mais reduzido para os cofres do município”.

“Tem havido um esforço enorme das entidades públicas, organismos ligados ao ambiente e autarquias locais no sentido de incentivar a prática da deposição diferenciada dos resíduos. Este género de ações, desenvolvida por jovens junto da população mais idosa, ajudam a manter vivos comportamentos corretos nesta área” sublinhou.

TOMIÑO

A policía local de Tomiño aumenta o parque móbil de vehículos coa adquisición dun Citroen C4 Cactus.

O Concello de Tomiño recibiu na tarde de onte un novo vehículo municipal que ampliará o parque móbil da policía local. Trátase dun Citroen C4 Cactus e que mellorará a labor do corpo da policía local.

O concelleiro de Seguridade e Tráfico, Manuel Álvarez González, foi o encargado de recoller o vehículo nas instalacións da Xunta de Galicia en Pontevedra. O Concelleiro estivo acompañado por cos membros da policía local que se encargaron do seu traslado.

O Concello de Tomiño viuse beneficiado dunha subvención da Dirección

Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia pola cal se cede en propiedade o turismo ao Concello de Tomiño para a utilización por parte do persoal do Corpo da Policía Local. O Concello de Tomiño, ademais, está pendente da entrega dunha moto para o mesmo corpo de seguridade e doutro vehículo para a agrupación de voluntarios de Protección Civil.

O Concelleiro de Seguridade e Tráfico, Manuel Álvarez González, mostrou a súa satisfacción por iniciar a súa labor no concello “mellorando o servizo dun corpo tan importante como a policía local e que repercutirá en beneficio dos veciños e veciñas”.



Novas da Raia

MONÇÃO

Comboio turístico reforça oferta em Monção e Salvaterra de Miño

Dois empresários ligados ao turismo, Paulo Azevedo, português, e Roberto Martinez, galego, juntaram-se a dois municípios, Monção, no lado português, e Salvaterra de Miño, no lado galego, e criaram um novo produto turístico que visa potenciar o património natural, construído, vínico e gastronómico desta região transfronteiriça.

Trata-se de um comboio turístico, com capacidade para 55 pessoas, que vai percorrer pontos relevantes dos dois municípios e propiciar aos passageiros um contacto privilegiado com a beleza paisagística e monumental e a qualidade gastronómica e vínica das duas localidades separadas pelo rio Minho e unidas na consolidação de uma Eurocidade.

A apresentação decorreu ontem, ao final da tarde, no Parque da Canuda, em Salvaterra de Miño, com a presença dos autarcas Augusto de Oliveira Domingues e Arturo Grandal, bem como diversos representantes do setor turístico e comercial de ambos os lados.

Depois de um pequeno circuito por Monção e Salvaterra de Miño, a satisfação dos presentes saltava à vista. Augusto de Oliveira Domingues congratulou-se com o facto de a região passar a dispor de mais um instrumento de apoio ao turismo, valorizando o património local material mas também a gastronomia e os vinhos de Monção.

Acrescentou: “este comboio turístico, que vai passar por diversos pontos de interesse das duas localidades, é resultado de uma parceria empresarial de dois operadores turísticos, um de cada país, com grande potencial de cres-

cimento porque o nosso território tem muito para oferecer”

Arturo Grandal manifestou-se igualmente satisfeito pela aposta da iniciativa privada e realçou, em tom brincalhão, que finalmente as duas localidades estão ligadas turística-mente por um caminho-de-ferro. Adiantou que este novo produto ajuda a consolidar a Eurocidade Monção – Salvaterra de Miño e garante maior visibilidade à oferta turística dos dois concelhos.

Em Monção, os turistas poderão visitar o Museu do Alvarinho, o centro histórico da vila, o Palácio da Brejoeira, a Torre de Lapela, as muralhas, o parque das termas e algumas quintas de produção vinícola. Em Salvaterra de Miño, estão previstas visitas ao casco urbano, parque da Canuda, pontes romanas, muralhas, igrejas e bodegas.

O trem turístico, como é chamado em Espanha, começa a circular este fim de semana num percurso aproximado de 10 quilómetros, disponibilizando ao público dois itinerários distintos. Um que inclui visitas aos locais, pequeno-almoço e almoço no valor de 55,00 €. Outro, mais simples e curto, que engloba apenas visitas no valor de 5,00 €. Para grupos iguais ou superiores a 25 pessoas, os preços baixam para 35,90 € e 3,50 €.



SALVATERRA

Cursos formativos Concello Salvaterra – Antena Cameral



■ O Parque A Canuda. Salvaterra de Miño.

Como xa é habitual, o Concello de Salvaterra e a Antena Cameral presentan a súa oferta formativa para os últimos seis meses do ano. Dezanove cursos formativos, curso básico de manipulador de produtos fitosanitarios (dous turnos), curso de manipulador de alimentos, de operador de carretilla elevadora, de preparación first, de carneiro profesional, de peixeiro profesional, seminario de alérgenos, curso de hostelería (elaboración de tapas), de guía turístico Salvaterra – Monção, de caixeiro – repoiñedor de supermercado, de viticultura e enoloxía –

Tratamento da viña e árbores froiteiras, de repostería galega, de elaboración de conservas e marmeladas, de elaboración de queixo artesán, de organización de festas infantís e curso de francés.

Desde o Concello e a Cámara traballase para dar resposta a demanda formativa do municipio, así semestre a semestre inténtanse sacar cursos novos e manter aqueles nos cales hai unha alta demanda formativa.

Para mais información e inscricións na Antena Cameral de Salvaterra 986 659 348 / salvaterra.camaravigo@mundo-r.com

FORMACIÓN SEGUNDO SEMESTRE 2015

INSCRICIÓN DO 28 DE XULLO AO 15 DE AGOSTO

- 1.- **CURSO BÁSICO DE MANIPULADOR DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS** - 25 horas - Dous turnos. Máximo 10 alumnos por turno. Mes: outubro.
- 2.- **CURSO DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS** - 31 horas - 10 períodos. Mes: setembro.
- 3.- **OPERADOR DE CARRETILLA ELEVADORA** - 25 horas (5 teórica e 20 prácticas) - 25 alumnos. Mes: agosto.
- 4.- **CURSO DE PREPARACIÓN FIRST** - Máximo 15 personas. Mes: outubro.
- 5.- **CURSO DE CARNEIRO PROFESIONAL** - Máximo 10 alumnos. Mes: novembro.
- 6.- **CURSO DE PEIXEIRO PROFESIONAL** - 15 horas. Máximo 10 alumnos. Mes: setembro.
- 7.- **SEMINARIO ALÉRGENOS** - 1,5 h. Máximo 10 personas. Mes: setembro.
- 8.- **CURSO DE HOSTELERÍA (elaboración de tapas)** - 20 h. Máximo 15 personas. Mes: outubro.
- 9.- **CURSO DE GUÍA TURÍSTICO SALVATERRA-MONÇÃO** - Máximo 20 personas. Mes: setembro.
- 10.- **CURSO DE CAIXEIRO - REPOIÑEDOR DE SUPERMERCADO** - 10 h. Máximo 20 alumnos. Mes: agosto.
- 11.- **CURSO DE VITICULTURA E ENOLOXÍA** - Tratamento da viña e árbores froiteiras - Máximo 20 personas. Mes: setembro.
- 12.- **CURSO DE REPOSTERÍA GALEGA** - Máximo 15 alumnos. Mes: novembro.
- 13.- **CURSO DE ELABORACIÓN DE CONSERVAS E MARMELADAS** - Máximo 15 alumnos. Mes: novembro.
- 14.- **CURSO DE ELABORACIÓN DE QUEIXO ARTESÁN (QUEIXERÍA)** - Máximo 15 personas. Mes: novembro.
- 15.- **CURSO DE ORGANIZACIÓN DE FESTAS INFANTÍS** - Máximo 20 alumnos. Mes: setembro.
- 16.- **CURSO DE FRANCÉS** - Máximo 20 personas. Mes: novembro.

***As datas dos cursos son susceptibles de cambios**

***Mais información e inscricións na Antena Cameral de Salvaterra**
986 659 348 / salvaterra.camaravigo@mundo-r.com

VALENÇA

Pacto do Rio Minho Transfronteiriço alarga parceria com o objetivo centrado no INTERREG V A

A cooperação transfronteiriça em torno do rio Minho ganha uma dimensão mais ativa e dinâmica com o Pacto do Rio Minho Transfronteiriço e a sua abertura para articular parcerias mais abrangentes, em prol de um projeto que beneficie as populações de toda esta região.

Durante a sessão de trabalhos da passada quinta-feira na sede da UNIMINHO em Valença, os vários intervenientes – 15 Concelhos/Municípios signatários e as entidades convidadas – manifestaram uma posição consensual da importância da riqueza do rio Minho e de toda a sua envolvente, mas também de que o caminho a percorrer tem de focar três vertentes que promovam um

desenvolvimento sustentável: ambiental, turística e económica.

O Presidente do Conselho Diretivo da UNIMINHO, Manoel Batista, mostrou-se satisfeito com o interesse e contributos deixados pelos parceiros que, “pelo seu conhecimento e experiência em áreas muito específicas, representarão um apoio valiosíssimo”. “A cooperação transfronteiriça é importante ao nível macro, nomeadamente com as negociações entre Porto e Santiago de Compostela, mas é fundamental que não se esgote aqui. As reuniões intermédias, como é o caso desta, visam diagnosticar problemas comuns e muito característicos de territórios de fronteira bem como apre-

sentar soluções. Estou convicto de que há espaço para plataformas diferentes de cooperação”, assegurou.

Esta reunião contou ainda com a partilha de informação sobre o trabalho desenvolvido pela Uniminho sobre a Rede Natura 2000, sobre o Aquamuseu do Rio Minho e sobre o projeto UNIMINHO/ECOTUR 2.0, que servirão de base para um período alargado de reflexão.

Os signatários do Pacto do Rio Minho voltam a sentar-se à mesma mesa, no próximo dia 29 de julho, para definir linhas de ação a candidatar à 1ª convocatória do INTERREG V A Portugal/Espanha, cuja abertura está prevista para o final do mês de setembro



■ Foto de família o dia da constituição da sinatura do Pacto do Minho.

MONÇÃO

Autarquia requalifica antigo balneário termal



A Câmara Municipal de Monção vai recuperar o antigo balneário termal. Os trabalhos, com o prazo de execução de 180 dias após o ato de consignação, foram adjudicados à empresa “Dinâmica Secreta, Lda” pelo valor de 73.400,62 €, acrescido do imposto legal.

Com este investimento, o edifício ficará de cara lavada no seu aspeto exterior, faltando a reconstrução interior que será adaptada à nova funcionalidade. A autarquia ainda não definiu qual o seu futuro visto qualquer projeto ou ideia “esbarrar” na previsível inundação, com águas do rio Minho, de parte do

edifício durante o inverno.

Para o Presidente da Câmara Municipal de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, a presente empreitada tem como finalidade garantir a preservação futura de um edifício histórico para todos os monçanenses, assegurando, O edifício data de 1801, conforme placa comemorativa do primeiro centenário, localizada no alçado nascente, funcionou sempre como balneário termal até finais do século passado, tendo sido substituído em 2001 com a abertura da nova unidade termal, inaugurada pelo então Presidente da República, Jorge Sampaio.

PORRIÑO

O Consorcio de Augas do Louro nomea aos seus novos representantes municipais

O Consorcio de Augas do Louro ratificou, na sesión do Comité Directivo celebrada o 29 de xullo, o nomeamento dos representantes dos concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, logo de que tomaran posesión os novos alcaldes.

Tras os resultados das eleccións do pasado mes de maio, a nova alcaldesa socialista de O Porriño, Eva García de la Torre, exercerá a presidencia do Consorcio en

substitución do popular Nelson Santos. No concello de Tui, o alcalde socialista Enrique Cabaleiro, ocupará a vicepresidencia do Consorcio no lugar do popular Moisés Rodríguez.

Pola súa banda, tanto o concello de Mos como o de Salceda de Caselas manteñen os mesmos representantes que na lexislatura pasada, logo de que a popular Nidia Arévalo e o independente Marcos Besada, repitan na alcaldía.

O Director de Augas de Galicia, Gonzalo Mosqueira, mantén o seu cargo de vocal en representación da Xunta de Galicia.

Nesta segunda etapa, o Consorcio ten previsto, entre outros obxectivos, continuar coa la execución de inversións de renovación, mellora ou ampliación das súas instalacións, regularizar a prestación dos servizos a outros concellos limítrofes e poñer en funcionamento a súa páxina web.



■ De esquerda a dereita, Enrique Cabaleiro, Nidia Arévalo, Marcos Besada, Eva García e Gonzalo Mosqueira

Novas da Raia

TOMIÑO

O Concello de Tomiño publica as bases para participar no III Certame de Pintura ao Aire Libre Antonio Fernández

O evento celebrarase o domingo 16 de agosto en Goián, coincidindo cos festexos de San Roque.

O Concello de Tomiño organiza a terceira edición do Certame de Pintura ao Aire Libre Antonio Fernández. O evento terá lugar en Goián o domingo 16 de agosto. As bases para inscribirse poden ser consultadas na web do Concello. O prazo para poder participar amplíase con respecto ao ano pasado e o propio domingo día 16 até as 11h00 po-

derán inscribirse presencialmente. Até ese día, será por correo electrónico no enderezo alcaldia@concello.tomino.com

O Certame de Pintura vai pola súa terceira edición e o fai consolidándose na axenda de certames nacionais. Na pasada edición, o certame contou con máis dunha treintena de pintores procedentes de diferentes puntos da xeografía peninsular.

Os cambios con respecto aos outros anos, ciñense aos horarios da

entrega das obras e dos premios. Estes ademais, son incrementados engadíndose aos xa existentes, 1º premio e 2º premio, un terceiro e un cuarto premio. O Concello de Tomiño corre co financiamento de tres dos catro premios, o restante é a Comunidade de Montes de Goián que subvenciona o segundo premio por importe de 500 euros. A figura de Antonio Fernández é unha das máis queridas popularmente no Concello, mais o seu recoñecemento fora das nosas fronteiras non ten nada que envejar ao afecto local. Tralo ano Antonio Fernández que adicou 365 a celebrar e dar a coñecer a súa figura, o pintor de Goián conta cun lugar permanente na Aula Museo que leva o seu nome e no que se alberga parte do seu legado grazas a xenerosidades dos veciños e veciñas de Tomiño.

A Concelleira de Cultura, Cristina Martínez, resalta "a importancia de celebrar este tipo de encontros culturais, e sobre todo nestes tempos difíciles nos que a cultura tense visto afectado de especial xeito".



MONCŊAO

AS MENTIRAS QUE OS HOMENS CONTAM

a partir de Luis fernando Veríssimo



ESTREIA NACIONAL

Almeno Gonçalves Joaquim Nicolau Fernando Ferro António Melo
encenação e cenografía: Margem Narrativa
figurais: Maria Iria
desenho de luz: Nuno Moço
Introgasta: Miguel Ângelo

8 e 9 de Agosto | 22h00
Cine Teatro João Verde
Bilhete: 12€

GONDOMAR

Paco Ferreira acompañado de Nuria Lameiro e Iria Lamas clausuran o campamento de lecer Gondoverán

O alcalde de Gondomar, Paco Ferreira, e a concelleira de Igualdade, Nuria Lameiro, asistindo o acto tamen a concelleira Iria Lamas clausuraron esta mañá, no CEIP Chano Piñeiro, o Gondoverán, o campamento de lecer e tempo libre no que participaron 100 rapaces e rapazas, de entre 3 e 12 anos, durante todo o mes de xullo. Nesta última xornada do Gondoverán celebrouse unha gran festa chea de xogos e diversión. Esta iniciativa, posta en marcha pola Concelaría de Igualdade a través do Centro de Información á Muller coa colaboración da Deputación de Pontevedra, tivo como obxectivo favorecer a conciliación da vida familiar

e laboral durante o mes de xullo, e potenciar o desenvolvemento integral do neno/a a través dunha programación que combinou os xogos con actividades creativas, culturais e coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables; todo elo supervisado por monitores con formación en igualdade de oportunidades.

A concelleira de Igualdade, Nuria Lameiro, manifestou o seu agradecemento á dirección do CEIP Chano Piñeiro, por brindar as súas instalacións para o desenvolvemento do campamento, así como á empresa encargada do Gondoverán.



Guía gastronómica

Un local con historia e solera

No xa lonxano ano 1998, abriu en Salceda o que a día de hoxe é un dos locais máis coñecidos do lugar a PIZZERIA D'CAMILO. Son xa 17 anos ofrecendo gran variedade de sabores en pizzas, carnes e cociña italiana e galega, sempre regada polos mellores viños. Ofrece

tamén neste local suculentos menús do día co mellor relación calidade-prezo ademais de organizar grande número de comidas e banquetes. Aberto de 10 a 16:30 en horario de mañá e de 19:30 a 12 polos tardes, sendo o mércores o único día de descanso.



■ Camilo.



■ Interior do local.



■ Terraza.



Historia

O neolítico nas terras da Gallaecia

Por Anxo Serafín Porto Ucha & Raquel Vázquez Ramil

As comunidades de cazadores-colleiteiros que no Paleolítico e no Mesolítico poboaban as terras do noroeste peninsular experimentaron un cambio radical no período coñecido como Neolítico (de *neos*, novo, e *lithos*, pedra), en alusión ás novas técnicas do traballo e pulido da pedra. Foi de tal magnitude o cambio que de feito se fala da **Revolución Neolítica**.

Neste período, entre os anos 5000 e 3000 a.C., desenvólvese a agricultura, a domesticación de certos animais e a cerámica. O cultivo da terra e a cría de gando crearon unha abundancia de alimentos que deu lugar ao incremento demográfico, favorecido tamén por un clima máis cálido e húmido que contribuíu á extensión da vexetación, fundamentalmente carballeiras, sobreiras, olmos, freixos e abeleiras. As xentes que habitaban no que sería Gallaecia tenderon a desprazarse cara as terras máis altas, onde a vexetación era menos frondosa e a terra máis doada de labrar.

No noroeste peninsular rexístrase, ademais, un fenómeno de fonda transcendencia, o chamado **Megalitismo** (de *megas*, grande, e *lithos*, pedra) ou construcións a base de pedras de gran tamaño que son as primeiras manifestacións arquitectónicas da Gallae-

cia. Están espalladas por toda a nosa xeografía, aínda que moitas foron destruídas por mor das lendas que lles atribuían fabulosos tesouros agochados posteriormente polos *mouros* ao seren expulsados polos cristiáns e que se atopaban mediante sinais e conxuros coma os do famoso libro *Ciprinianillo*, o que deu lugar a un irreparábel expolio do patrimonio arqueolóxico. Na parroquia de Couzadoiro (Ortigueira) temos rexistrada A Furada do Tesouro. En Ponteareas, cercanos ao monte de San Cibrán (Guláns) figuran distintos nomes de lugares nos que, segundo a lenda, hai tesouros (no Padrán, Ganade, no penedo do pé e a pata, Nogueira, A Picoña...)

Na nosa toponimia hai numerosos exemplos de nomes vencellados aos mouros e as súas derivacións, onde houbo ou inda hai restos megalíticos, se ben neste caso falamos de seres moito máis antigos que os musulmáns, pois o prefixo prerrománico *mor* significa pedra e, logo, en latín *ten* o significado de morte, de aí a asociación con monumentos funerarios nos que se ocultaban ricos enxovais. Temos, así, lugares como Moraña (Pontevedra), Moreira (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra), San Pedro de Mor (Lugo), Mourentán (Tomiño, Arbo), A Buraca da



■ Dombate de Dombate (Cabana de Bergantiños).

Moura (Cangas), A Cova da Moura (Cedeira), A Fonte da Moura (Riós, Riotorto, Vereá...), As Tumbas dos Mouros (Lousame), Fonte dos Mouros (Viveiro, Fene, Cambre...), Forno dos Mouros (Monte Saia, Barcelos), Penedo da Moura (Viana do Castelo), Pedra da Moura (Praia de Lavadores, Porto), etc. E ligados a eles, topónimos que aluden a tesouros e que se relacionan con monumentos megalíticos, como Cova do Tesouro (Cerdido), Penedo do Tesouro (Pobra de Trives), ou Fonte do Tesouro (Ribadeo).

Os monumentos megalíticos da zona da Gallaecia son fundamentalmente de tres tipos: mámoas ou túmulos con construción interior de pedra (anta ou dolmen)



■ Anta Grande do Zambujeiro, Evora (Portugal).



■ Casa dos Mouros (Candeán, Vigo)

ou sen ela, menhires ou pedras-fitas e círculos líticos ou cromlechs.

As mámoas presentan, polo xeral, segundo a historiadora Ana Romero Masiá, un diámetro que oscila entre 10 e 30 metros, con forma circular e unha altura entre 2 e 4 metros. Na súa estrutura, ás veces son superposicións de capas de terra, pero en ocasións están cubertas por corozas pétreas ou delimitadas no seu perímetro por un anel de pedras fincadas no chan.

Os elementos máis numerosos son os dolmens, lugares de soterramento colectivo que tamén servían para marcar o territorio dunha colectividade, e así moitas veces atópanse en lugares elevados ou xunto a correntes de auga. Na Gallaecia podemos distinguir as seguintes tipoloxías:

- Dolmens simples, situados arredor da metade do cuarto

milenio a.C. Son cámaras sinxelas pechadas ou abertas que conteñen enxovais líticos (puntas de frecha, follas de sílex, contas de colar de variscita, pequenos restos cerámicos...); pode tratarse de sepulturas individuais, e os seus construtores espallaron as técnicas neolíticas da agricultura e a gandería.

- Dolmens con corredor, que se estenden entre o 3500 e o 2700 a.C. Adoitan ser de planta circular, como o famoso dolmen de Dombate, considerado a catedral do megalitismo galaico e inmortalizado por Eduardo Pondal no seu poema «Queixumes dos Pinos»; aínda que os hai poligonais. Nalgún caso tamén o corredor está cuberto e a cámara funeraria destaca no alzado como na

Historia



■ Dómen de Axeitos (Riveira)

Casa dos Mouros (Vimianzo) ou na Casa da Moura (Queguas, Ourense). Os enxovais atopados son semellantes aos anteriores, aínda que a pedra aparece máis pulida e os restos cerámicos son de maior tamaño.

- Cistas ou cámaras rectangulares, que representan a fase final do megalitismo galaico, entre o 2700 e o 1800 a.C. Son sinxelas, de planta rectangular, e cubertas por unha lousa. Nelas apareceron utensilios pulidos de certa impor-

tancia, como mazas, cinceis ou aixadas. Fermosos exemplos son a Casota de Berdoias (Vimianzo) ou a Fornela dos Mouros (Laxe).

Os **menhires** o **pedrasfitas** son pedras fincadas con función ritual, con exemplos tan fermosos como a Lapa de Gargantáns en Moraña e a Pedrafitas de Cristal en Ribeira. O vocábulo Pedrafitas do Cebreiro, nunha comarca fronteiriza, fai alusión a unha pedra ficta da que falan documentos da Alta Idade Media. En canto aos **círculos líticos** ou **cromlechs** a penas hai rastros no noso territorio; no ano 1894 o polígrafo e arqueólogo ortegano Federico Maciñeira descubriu dous na Mourela (As Pontes), destruídos anos despois para facer o firme dunha estrada. Na actualidade consérvase un círculo lítico na mesma zona das Pontes, o do Freixo.



■ Lapa de Gargantas (Moraña)

A sociedade que levantou os megalitos non foi uniforme ao longo do tempo, pero a dificultade de arrastrar pedras de gran tamaño dende as canteiras, a remoción de moitos metros cúbicos de terra para erguer as mámoas, o levantamento de lousas para cubrir as cámaras, esixían esforzos coordinados de equipos durante un tempo; cabe pensar, por tanto, nunha organización social xerarquizada, cunha autoridade civil ou relixiosa á que obedecían

tada a gandería de vacas, ovellas e cabras. Na costa intensifícase o marisqueo. Pódese falar incluso da existencia de intercambios mercantís de certo radio pola presenza, nos enxovais, de materiais alleos as zoas das mámoas (acibeche, variscita, blenda). Xa para rematar, os monumentos megalíticos tiveron unha innegable función relixiosa de carácter funerario. E así, ás veces no interior das cámaras e os corredores aparecen gravados e pinturas



■ Mamoá do Rei (Monte Penide, Redondela).

os demais. O feito de que na Gallaecia haxa tantas mámoas de tamaño reducido, en cambio, indica unha sociedade de pequenas unidades dispersas e pouco estratificadas. Canto a aspectos económicos, expándese unha agricultura ce-realística baseada nas rozas, séguense a colleitar froitos (landras de carballo, por exemplo), e está documen-

xeométricas, coma os do dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños), Pedra Cuberta (Vimianzo) ou Raza das Modias (Lugo). A cultura megalítica galaica supón, como di o historiador Xosé Manuel Vázquez Varela, «unha afirmación da tumba na paisaxe» e subliña a importancia do mundo dos mortos, omnipresente no dos vivos, con longas repercusións posteriores na nosa cultura popular.



■ Dolmen Forno dos Mouros (Paradela, Toques).

MONDIM DE BASTO

Por Xesús Losada

Expourense estreita a súa rede no Norte de Portugal na XIII Feira da Terra

Expourense e Turismo Porto e Norte de Portugal continúan traballando para materializar contactos co fin de executar proxectos concretos e fomentar a promoción dos actos internacionais de Turismo como Termatalia e Xantar.



■ Humberto Cerqueira e Alejandro Rubín inauguraron A Floresta.

Un paso máis foi a sinatura dun convenio de colaboración e promoción mutua coa cámara municipal de Mondim de Basto, ubicada no distrito de Vila Real. A sinatura deste convenio tivo lugar no marco do acto inaugural da XIII edición da "Feira da

Terra". O presidente da Cámara Municipal de Mondim de Basto, Humberto da Costa Cerqueira e o director xerente de Expourense, Alejandro Rubín Carballo cortaron a cinta inaugural. Expourense participou como convidado especial na inauguración da "XIII Feira da Terra", unha cita

promovida pola Entidade de Turismo Porto e Norte, o principal socio de Expourense no Norte de Portugal. Ten como obxectivo promover recursos endóxenos da localidade e reúne cada ano a 90 expositores de sectores como a gastronomía, o viño, a artesanía, ma-

quinaria agrícola, etc. Esta Mostra, tal e como destacou Alejandro Rubín durante a súa intervención, comparte obxectivos con Xantar, o Salón Internacional de Turismo Gastronómico que organiza Expourense, e que pasan por promocionar a calidade e autenticidade dos recursos autóctonos para que fomenten o turismo de proximidade entre Galicia e o Norte de Portugal. A Entidade de Turismo do Porto e Norte de Portugal estivo representada pola directora Sofía Ferreira e Cristina Mendes. Tamén asistiu o delegado para Portugal de Xantar e Termatalia, António T. García.

Ademais da participación nos actos oficiais e da vista aos expositores, a delegación compareceu no showcooking liderado polo chef estrela Michelin Marco Gomes, dos restaurantes Foz Velha e Casa do Marco. A presenza de Expourense serviu para reforzar unha alianza que está a dar bos resultados como puido verse na última edición de Xantar, durante a que esta rexión Norte de Portugal foi unha das protagonistas cunha presenza importante de expositores e visitantes e na que Mondim de Basto participou activamente por primeira vez como expositor, realizando ademais un showcooking de "Carne Maronesa e Milhos Ricos", preparado pola Adega 7 Condes, e cunha cata de Viños Verdes da Casa Santa Eulália.



■ Recepción oficial na Cámara Municipal de Mondim de Basto.



■ Sinatura do convenio de colaboración.